

ANEXO

I. *Relación de aeroportos designados como coordinados*

A Coruña.
 Almería (Temporada inverno).
 Asturias.
 Badajoz.
 Córdoba.
 El Hierro.
 Girona.
 Granada.
 Ibiza (Temporada inverno).
 Melilla.
 Menorca (Temporada inverno).
 Murcia/San Javier.
 Pamplona.
 Reus.
 Sabadell.
 Salamanca.
 San Sebastián.
 Santander.
 Santiago.
 Sevilla.
 Valencia.
 Valladolid.
 Vigo.
 Vitoria.

II. *Relación de aeroportos designados como totalmente coordinados*

Alicante.
 Almería (Temporada verán).
 Barcelona.
 Bilbao.
 Fuerteventura.
 Gran Canaria.
 Ibiza (Temporada verán).
 Jerez.
 La Palma.
 Lanzarote.
 Madrid/Barajas.
 Málaga.
 Menorca (Temporada verán).
 Palma de Mallorca.
 Tenerife Norte.
 Tenerife Sur.

20731 *LEI ORGÁNICA 3/2001, do 6 de novembro, pola que se autoriza a ratificación por España do Tratado de Niza polo que se modifica o Tratado da Unión Europea, os tratados constitutivos das Comunidades Europeas e determinados actos conexos, asinado en Niza o día 26 de febreiro de 2001. («BOE» 267, do 7-11-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sinatura, o día 26 febreiro de 2001, do Tratado de Niza permite levar a termo o proceso iniciado polo

Tratado de Amsterdam co fin de prepara-las institucións da Unión Europea para funcionar nunha Unión ampliada.

En efecto, o novo Tratado introduce importantes modificacións que afectan a composición e o funcionamento das institucións e órganos da Unión, sistema xurisdiccional, maiorías cualificadas, cooperación reforzadas, dereitos fundamentais, seguridade e defensa, cooperación xudicial penal e Tratado CECA.

A partir do 1 de xaneiro de 2005, entrarán en vigor unha reponderación dos votos atribuídos a cada estado membro no Consello, que ten máis en conta o factor demográfico, e novas regras para determina-la maioría cualificada. No protocolo sobre a ampliación da Unión Europea e declaracións anexas establécense as regras e principios para fixar nos sucesivos tratados de adhesión os votos atribuídos ós novos estados membros e o limiar da maioría cualificada.

O Tratado establece unha nova composición da Comisión que entrará en vigor a partir do ano 2005, modifica o modo de designación do seu presidente e dos seus membros, e reforza considerablemente as competencias do presidente.

O sistema xurisdiccional da Unión é obxecto dunha profunda reforma, de modo que o Tribunal de Xustiza será o competente para coñecer con carácter xeral os recursos prexudiciais e o garante da unidade da interpretación e aplicación do dereito comunitario, mentres que o Tribunal de Primeira Instancia será xuíz de dereito común en materia de recursos directos. Créanse, así mesmo, salas xurisdiccionais que coñecerán de contenciosos moi especializados.

O novo Tratado introduce tamén modificacións relativas á composición e organización do Tribunal de Contas, Comité Económico e Social e Comité das Rexións de cara á ampliación. Na declaración relativa á ampliación da UE determínase, así mesmo, o número de escanos que lles serán atribuídos nestes dous comités ós novos estados membros nos futuros tratados de adhesión.

Vinteseite disposicións pasan íntegra ou parcialmente da unanimidade á maioría cualificada, e varias destas rexeranse en diante polo procedemento de codecisión.

Facilítase o recurso ás cooperación reforzadas no ámbito do primeiro e do terceiro pilar, e ábrese a posibilidade de instauralas tamén no campo da política exterior e de seguridade común.

O Tratado da Unión Europea foi modificado co fin de reflectir nel os progresos realizados no ámbito da seguridade e defensa, mencionar e describi-las funcións de «Eurojust», e establecer un mecanismo de alerta rápida para facer fronte a posibles riscos de violacións dos principios democráticos ou dos dereitos humanos por parte dun estado membro.

Finalmente, un protocolo establece as medidas necesarias para preve-las consecuencias derivadas da expiración do Tratado da Comunidade Económica do Carbón e do Aceiro o 23 de xullo de 2002.

A prestación do consentimento do Estado para ratifica-lo Tratado de Niza debe ser autorizada mediante lei orgánica, de acordo co previsto no artigo 93 da Constitución, ó igual que sucedeu no caso da adhesión de España ás Comunidades Europeas e a ratificación da Acta Unica Europea e dos tratados de Maastricht e Amsterdam.

Artigo único.

Autorízase a ratificación por España do Tratado de Niza polo que se modifica o Tratado da Unión Europea, os tratados constitutivos das Comunidades Europeas e determinados actos conexos, asinado en Niza o día 26 de febreiro de 2001.

Disposición derradeira única.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 6 de novembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

TRATADO DE NIZA POLO QUE SE MODIFICAN O TRATADO DA UNIÓN EUROPEA, OS TRATADOS CONSTITUTIVOS DAS COMUNIDADES EUROPEAS E DETERMINADOS ACTOS CONEXOS

ÍNDICE

Preámbulo.

Primeira parte: modificacións substantivas:

Artigo 1: puntos 1 a 15 (Tratado UE).

Artigo 2: puntos 1 a 47 (Tratado CE).

Artigo 3: puntos 1 a 25 (Tratado CEEA).

Artigo 4: puntos 1 a 19 (Tratado CECA).

Artigo 5: protocolo sobre os estatutos do SEBC e do BCE.

Artigo 6: protocolo sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas.

Segunda parte: disposicións transitorias e derradeiras:

Artigos 7 a 13.

Protocolos:

Protocolo sobre a ampliación da Unión Europea.

Protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza.

Protocolo sobre as consecuencias financeiras da expiración do Tratado CECA e o Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro.

Protocolo sobre o artigo 67 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Acta derradeira.

Declaracións adoptadas pola Conferencia.

Declaracións das que tomou nota a Conferencia.

Súa Maxestade o Rei dos belgas,

Súa Maxestade a Raíña de Dinamarca,

O presidente da República Federal de Alemaña,

O presidente da República Helénica,

Súa Maxestade o Rei de España,

O presidente da República Francesa,

A presidenta de Irlanda,

O presidente da República Italiana,

Súa Alteza Real o Gran Duque de Luxemburgo,

Súa Maxestade a Raíña dos Países Baixos,

O presidente federal da República de Austria,

O presidente da República Portuguesa,

A presidenta da República de Finlandia,

Súa Maxestade o Rei de Suecia,

Súa Maxestade a Raíña do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte,

Lembrando a importancia histórica de que a división do continente europeo tocara ó seu fin,

Desexando levar a termo o proceso iniciado polo Tratado de Amsterdam co fin de prepara-las institucións da Unión Europea para funcionar nunha Unión ampliada,

Decididos por iso a seguir adiante coas negociacións de adhesión para que culminen satisfactoriamente, de

conformidade co procedemento establecido no Tratado da Unión Europea,

Conviñeron en modifica-lo Tratado da Unión Europea, os tratados constitutivos das Comunidades Europeas e determinados actos conexas,

e designaron con tal fin como plenipotenciarios:

Súa Maxestade o Rei dos belgas:

O señor Louis Michel,

Viceprimeiro Ministro e Ministro de Asuntos Exteriores;

Súa Maxestade a Raíña de Dinamarca:

O señor Mogens Lykketoft,

Ministro de Asuntos Exteriores;

O presidente da República Federal de Alemaña:

O señor Joseph Fischer,

Ministro Federal de Asuntos Exteriores e Vicechanceler;

O presidente da República Helénica:

O señor Georgios Papandreou,

Ministro de Asuntos Exteriores;

Súa Maxestade o Rei de España:

O señor Josep Piqué i Camps,

Ministro de Asuntos Exteriores;

O presidente da República Francesa:

O señor Hubert Védrine,

Ministro de Asuntos Exteriores;

A presidenta de Irlanda:

O señor Brian Cowen,

Ministro de Asuntos Exteriores;

O presidente da República Italiana:

O señor Lamberto Dini,

Ministro de Asuntos Exteriores;

Súa Alteza Real o Gran Duque de Luxemburgo:

A señora Lydie Polfer,

Viceprimeira Ministra, Ministra de Asuntos Exteriores e Comercio Exterior;

Súa Maxestade a Raíña dos Países Baixos:

O señor Jozias Johannes van Aartsen, Ministro de Asuntos Exteriores;

O presidente federal da República de Austria:

A señora Benita Ferrero-Waldner,

Ministra Federal de Asuntos Exteriores;

O presidente da República Portuguesa:

O señor Jaime Gama,

Ministro de Estado, Ministro de Asuntos Exteriores;

A presidenta da República de Finlandia:

O señor Erkki Tuomioja,

Ministro de Asuntos Exteriores;

Súa Maxestade o Rei de Suecia:

A señora Anna Lindh,

Ministra de Asuntos Exteriores;

Súa Maxestade a Raíña do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte:

O señor Robin Cook,

Ministro de Asuntos Exteriores e da Commonwealth;

Os que, despois de intercambiaren os seus plenos poderes, recoñecidos en boa e debida forma,

Conviñeron as disposicións seguintes:

PRIMEIRA PARTE

Modificacións substantivas

Artigo 1.

O Tratado da Unión Europea queda modificado de conformidade co disposto neste artigo.

1) O artigo 7 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 7.

1. Por proposta motivada dun tercio dos estados membros, do Parlamento Europeo ou da Comisión, o Consello, por maioría de catro quintos dos seus membros e logo de dictame conforme do Parlamento Europeo, poderá constata-la existencia dun risco claro de violación grave por parte dun estado membro de principios recollidos no punto 1 do artigo 6 e dirixirle recomendacións axeitadas. Antes de proceder a esta constatación, o Consello oír a o estado membro de que se trate e, consonte o mesmo procedemento, poderalles solicitar a personalidades independentes que presenten nun prazo razoable un informe sobre a situación no devandito estado membro.

O Consello comprobará de xeito periódico se os motivos que levaron á tal constatación seguen sendo válidos.

2. O Consello, reunido na súa formación de xefes de Estado ou de Goberno, por unanimidade e por proposta dun tercio dos estados membros ou da Comisión e logo de dictame conforme do Parlamento Europeo, poderá constata-la existencia dunha violación grave e persistente por parte dun estado membro de principios recollidos no punto 1 do artigo 6, tras invita-lo Goberno do Estado membro de que se trate a que presente as súas observacións.

3. Cando se efectúe a constatación recollida no punto 2, o Consello poderá decidir, por maioría cualificada, que se suspendan determinados dereitos derivados da aplicación deste Tratado ó estado membro de que se trate, incluídos os dereitos de voto do representante do goberno do devandito estado membro no Consello. O proceder á devandita suspensión o Consello terá en conta as posibles consecuencias desta para os dereitos e obrigas das persoas físicas e xurídicas.

As obrigas do estado membro de que se trate derivadas deste Tratado continuarán, en calquera caso, sendo vinculantes para o devandito estado.

4. O Consello poderá decidir posteriormente, por maioría cualificada, a modificación ou revogación das medidas adoptadas de conformidade co punto 3 como resposta a cambios na situación que motivou a súa imposición.

5. Para os efectos deste artigo, o Consello decidirá sen ter en conta o voto do representante do goberno do estado membro de que se trate. As abstencións de membros presentes ou representados non impedirán a adopción das decisións recollidas no punto 2. A maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados dos membros do Consello concernidos cá establecida no punto 2 do artigo 205 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Este punto aplicarase, así mesmo, no suposto de suspensión dos dereitos de voto consonte o punto 3.

6. Para os efectos dos puntos 1 e 2, o Parlamento Europeo decidirá por maioría de dous tercios dos votos emitidos, que representen a maioría dos membros que o compoñen.»

2) O artigo 17 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 17.

1. A política exterior e de seguridade común abranguerá tódalas cuestións relativas á seguridade da Unión, incluída a definición progresiva dunha política de defensa común, que podería conducir a unha defensa común se así o decidise o Consello Europeo. En tal caso, recomendaralles ós estados membros a adopción desa decisión de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

A política da Unión consonte este artigo non afectará o carácter específico da política de seguridade e de defensa de determinados estados membros, respectará as obrigas derivadas do Tratado do Atlántico Norte para determinados estados membros que consideran que a súa defensa común se realiza dentro da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN), e será compatible coa política común de seguridade e de defensa establecida no devandito marco.

A definición progresiva dunha política de defensa común estará apoiada, segundo consideren axeitado os estados membros, pola cooperación entre si no sector do armamento.

2. As cuestións a que se refire este artigo incluírán misións humanitarias e de rescate, misións de mantemento da paz e misións nas que interveñan forzas de combate para a xestión de crise, incluídas as misións de restablecemento da paz.

3. As decisións a que se refire este artigo que teñan repercusións no ámbito da defensa adoptaranse sen prexuízo das políticas e obrigas a que se refire o parágrafo segundo do punto 1.

4. As disposicións deste artigo non serán óbice para o desenvolvemento dunha cooperación reforzada entre dous ou varios estados membros no plano bilateral, no marco da Unión Europea Occidental (UEO) e da OTAN, sempre que esta cooperación non contraveña nin obstaculice a que se recolla neste título.

5. Con vistas a promover os obxectivos deste artigo, as disposicións deste artigo revisaranse de acordo co artigo 48.»

3) No parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 23 engádese o terceiro guión seguinte:

«a designación dun representante especial de conformidade co punto 5 do artigo 18.»

4) O artigo 24 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 24.

1. Cando para levar á práctica este título sexa necesario celebrar un acordo cun ou varios estados ou organizacións internacionais, o Consello poderá autoriza-la Presidencia, se é o caso asistida pola Comisión, a entrar en negociacións para tal efecto. O Consello celebrará os devanditos acordos baseándose nunha recomendación da Presidencia.

2. O Consello decidirá por unanimidade cando o acordo se refira a unha cuestión na que se requira a unanimidade para a adopción de decisións internas.

3. Cando o acordo teña como finalidade aplicar unha acción común ou unha posición común, o Consello decidirá por maioría cualificada de conformidade co punto 2 do artigo 23.

4. O disposto neste artigo será tamén aplicable ás materias incluídas no título VI. Cando o acordo se refira a unha cuestión na que se requira a maioría cualificada para a adopción de decisións ou de medidas internas, o Consello decidirá por maioría cualificada de conformidade co punto 3 do artigo 34.

5. Ningún acordo será vinculante para un estado membro cando o seu representante no Consello declare que ten que axustarse ás esixencias do seu propio procedemento constitucional; os restantes membros do Consello poderán acordar, non obstante, que o acordo se lles aplique provisionalmente.

6. Os acordos celebrados consonte as condicións establecidas neste artigo serán vinculantes para as institucións da Unión.»

5) O artigo 25 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 25.

Sen prexuízo das disposicións do artigo 207 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, un Comité Político e de Seguridade seguirá a situación internacional nos ámbitos concernentes á política exterior e de seguridade común e contribuirá a defini-la política mediante a emisión de dictames dirixidos ó Consello, ben por instancia deste ou por propia iniciativa. Así mesmo, supervisará a execución das políticas acordadas, sen prexuízo das competencias da Presidencia e da Comisión.

No marco deste título, o Comité exercerá, baixo a responsabilidade do Consello, o control político e a dirección estratéxica das operacións de xestión de crise.

Para os efectos dunha operación de xestión de crise e para o tempo que dure a devandita operación, segundo determine o Consello, este poderá autoriza-lo Comité para que adopte as decisións axeitadas no que se refire ó control político e á dirección estratéxica da operación, sen prexuízo do disposto no artigo 47.»

6) Insírense os artigos seguintes:

«Artigo 27 A.

1. As cooperación s reforzadas en calquera dos ámbitos recollidos neste título terán por finalidade defende-los valores e servi-los intereses da Unión no seu conxunto, mediante a afirmación da súa identidade como forza coherente no ámbito internacional. As devanditas cooperación s deberán respectar:

Os principios, os obxectivos, as orientacións xerais e a coherencia da política exterior e de seguridade común, así como as decisións adoptadas no marco desta política;

as competencias da Comunidade Europea, y a coherencia entre o conxunto de políticas da Unión e a súa acción exterior.

2. O disposto nos artigos 11 a 27 e nos artigos 27 B a 28 aplicarase ás cooperación s reforzadas previstas neste artigo, agás disposición en contrario do artigo 27 C e dos artigos 43 a 45.

Artigo 27 B.

As cooperación s reforzadas en virtude deste título referiranse á aplicación dunha acción común ou dunha posición común. Non poderán referirse a

cuestións que teñan repercusións militares ou repercusións no ámbito da defensa.

Artigo 27 C.

Os estados membros que se propoñan establecer entre si unha cooperación reforzada en virtude do artigo 27 B dirixirán unha solicitude ó Consello.

A solicitude transmitirase á Comisión e, a título informativo, ó Parlamento Europeo. A Comisión emitirá o seu dictame en particular sobre a coherencia da cooperación reforzada que se pretenda establecer coas políticas da Unión. A autorización será concedida polo Consello, dentro do respecto ós artigos 43 a 45, pronunciándose de conformidade cos parágrafos segundo e terceiro do punto 2 do artigo 23.

Artigo 27 D.

Sen prexuízo das competencias da Presidencia e a Comisión, o secretario xeral do Consello, alto representante da política exterior e de seguridade común, velará en particular por que o Parlamento Europeo e tódolos membros do Consello estean plenamente informados da realización das cooperación s reforzadas no ámbito da política exterior e de seguridade común.

Artigo 27 E.

Calquera estado membro que desexe participar nunha cooperación reforzada establecida en virtude do artigo 27 C notificaralle a súa intención ó Consello e informará a Comisión. A Comisión transmitirá ó Consello un dictame nun prazo de tres meses a partir da data de recepción da notificación. Nun prazo de catro meses a partir da data de recepción da notificación, o Consello pronunciarase sobre a solicitude, así como sobre as posibles disposicións particulares que poida considerar necesarias. A decisión considerarase aprobada agás que o Consello, por maioría cualificada e nese mesmo prazo, decida deixala en suspenso; en tal caso, o Consello indicará os motivos da súa decisión e fixará un prazo para volvela estudar.

Para os efectos deste artigo, o Consello pronunciarase por maioría cualificada. A maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados e a mesma proporción do número dos membros do Consello concernidos cás establecidas no parágrafo terceiro do punto 2 do artigo 23.»

7) No parágrafo segundo do artigo 29, o segundo guión substitúese polo texto seguinte:

«unha maior cooperación entre as autoridades xudiciais e outras autoridades competentes dos estados membros, tamén mediante a Unidade Europea de Cooperación Xudicial (Eurojust), de conformidade co disposto nos artigos 31 e 32;».

8) O artigo 31 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 31.

1. A acción en común sobre cooperación xudicial en materia penal incluirá, entre outras:

a) a facilitación e aceleración da cooperación entre os ministerios e as autoridades xudiciais ou equivalentes competentes dos estados membros, tamén, cando así conveña, mediante Eurojust, en relación coas causas e a execución de resolucións;

b) a facilitación da extradición entre estados membros;

c) a consecución da compatibilidade das normas aplicables nos estados membros, na medida necesaria para mellora-la devandita cooperación;

d) a prevención de conflitos de xurisdicción entre os estados membros;

e) a adopción progresiva de medidas que establezan normas mínimas relativas ós elementos constitutivos dos delitos e ás penas nos ámbitos da delincuencia organizada, o terrorismo e o tráfico ilícito de drogas.

2. O Consello fomentará a cooperación mediante Eurojust:

a) capacitando a Eurojust para que contribúa a unha axeitada coordinación entre as autoridades nacionais dos estados membros encargadas da persecución do delito;

b) impulsando a colaboración de Eurojust nas investigacións relativas a asuntos de delincuencia transfronteiriza grave, especialmente en casos de delincuencia organizada, tendo en conta en particular as análises de Europol;

c) favorecendo unha estreita cooperación de Eurojust coa Rede Xudicial Europea con obxecto, en particular, de facilita-la execución das comisións rogatorias e das solicitudes de extradición.»

9) O artigo 40 substitúese polos artigos 40, 40 A e 40 B seguintes:

«Artigo 40.

1. As cooperación reforzadas en calquera dos ámbitos recollidos neste título terán por finalidade permitir que a Unión chegue a ser, o máis rapidamente posible, un espacio de liberdade, seguridade e xustiza, ó tempo que se respectan as competencias da Comunidade Europea e os obxectivos fixados por este título.

2. Os artigos 29 a 39 e os artigos 40 A, 40 B e 41 aplicaranse ás cooperación reforzadas previstas neste artigo, agás disposición en contrario do artigo 40 A e dos artigos 43 a 45.

3. As disposicións do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea relativas á competencia do Tribunal de Xustiza e ó seu exercicio serán aplicables a este artigo e ós artigos 40 A e 40 B.

Artigo 40 A.

1. Os estados membros que se propoñan establecer entre si unha cooperación reforzada en virtude do artigo 40 dirixirán unha solicitude á Comisión, que poderá presentar ó Consello unha proposta en tal sentido. Se non presenta ningunha proposta, a Comisión comunicará os motivos ós estados membros interesados. Estes poderán entón presentarlle ó Consello unha iniciativa destinada a que se autorice a cooperación reforzada de que se trate.

2. A autorización a que se refire o punto 1 será concedida polo Consello, dentro do respecto ós artigos 43 a 45, por maioría cualificada, por proposta da Comisión ou por iniciativa de polo menos oito estados membros e logo da consulta ó Parlamento Europeo. Os votos dos membros do Consello ponderaranse consonte o punto 2 do artigo 205 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Calquera membro do Consello poderá solicitar que o asunto se lle remita ó Consello Europeo. Unha vez suscitado o devandito asunto ante este último, o Consello poderá decidir de conformidade co disposto no parágrafo primeiro deste punto.

Artigo 40 B.

Calquera estado membro que desexe participar nunha cooperación reforzada establecida en virtude do artigo 40 A notificará a súa intención ó Consello e á Comisión, que transmitirá ó Consello, nun prazo de tres meses a partir da data de recepción da notificación, un dictame xunto, se é o caso, cunha recomendación relativa ás disposicións particulares que poida considerar necesarias para que o estado membro interesado participe na cooperación de que se trate. O Consello pronunciarase sobre a solicitude nun prazo de catro meses a partir da data de recepción da notificación. A decisión considerase aprobada agás que o Consello, por maioría cualificada e nese mesmo prazo, decida deixala en suspenso; en tal caso, o Consello indicará os motivos da súa decisión e fixará un prazo para volvella estudar.

Para os efectos deste artigo, o Consello pronunciarase nas condicións previstas no punto 1 do artigo 44.»

10) (Non afecta a versión española.)

11) O artigo 43 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 43.

Os estados membros que se propoñan establecer entre si unha cooperación reforzada poderán facer uso das institucións, procedementos e mecanismos establecidos neste Tratado e no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, sempre que esa cooperación:

a) pretenda impulsa-los obxectivos da Unión e da Comunidade, así como protexer e servi-los seus intereses e reforza-lo seu proceso de integración;

b) respecte os devanditos tratados e o marco institucional único da Unión;

c) respecte o acervo comunitario e as medidas adoptadas en virtude das demais disposicións dos devanditos tratados;

d) permaneza dentro dos límites das competencias da Unión ou da Comunidade e non se refira ós ámbitos que sexan competencia exclusiva da Comunidade;

e) non afecte negativamente o mercado interior tal como se define no punto 2 do artigo 14 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, nin a cohesión económica e social establecida consonte o título XVII do mesmo Tratado;

f) non constitúa un obstáculo nin unha discriminación ós intercambios entre estados membros e non provoque distorsións de competencia entre eles;

g) reúna como mínimo a oito estados membros;

h) respecte as competencias, os dereitos e as obrigas dos estados membros que non participen nela;

i) non afecte as disposicións do protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea;

j) estea aberta a tódolos estados membros, de conformidade co artigo 43 B.»

12) Insírense os artigos seguintes:

«Artigo 43 A.

Só poderán iniciarse as cooperación reforzadas como último recurso, en caso de que quedara sentado no seo do Consello que os obxectivos que se lles asignaran non poden alcanzarse, nun prazo

razoable, mediante a aplicación das disposicións pertinentes dos tratados.

Artigo 43 B.

As cooperación reforzada estarán abertas a tódolos estados membros no momento en que se establezan. Tamén o estarán en calquera momento conforme os artigos 27 E e 40 B deste Tratado e o artigo 11 A do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, sempre e cando se respecten a decisión inicial e as decisións tomadas en tal marco. A Comisión e os estados membros que participen nunha cooperación reforzada procurarán fomentar a participación do maior número posible de estados membros.»

13) O artigo 44 substitúese polos artigos 44 e 44 A seguintes:

«Artigo 44.

1. Para efectos da adopción dos actos e decisións necesarios para o desenvolvemento dunha cooperación reforzada, tal como se recolle no artigo 43, serán de aplicación as disposicións institucionais pertinentes deste Tratado e do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Non obstante, se ben tódolos membros do Consello poderán participar nas deliberacións, só aqueles que representen os estados membros participantes na devandita cooperación tomarán parte na adopción de decisións. A maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados e a mesma proporción do número dos membros do Consello concernidos que a establecida no punto 2 do artigo 205 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e nos parágrafos segundo e terceiro do punto 2 do artigo 23 deste Tratado cando se trate dunha cooperación reforzada establecida en virtude do artigo 27 C. A unanimidade quedará constituída unicamente polos membros do Consello concernidos pola cooperación.

Tales actos e decisións non formarán parte do acervo da Unión.

2. Os estados membros aplicarán, na medida en que lles corresponda, os actos e decisións adoptados para levaren a cabo a cooperación reforzada na que participen. Tales actos e decisións vincularán unicamente os estados membros que participen nela e, se é o caso, só serán directamente aplicables nos devanditos estados. Os estados membros que non participen na cooperación reforzada non impedirán a súa aplicación por parte dos estados membros que participen nela.

Artigo 44 A.

Os gastos resultantes da aplicación dunha cooperación reforzada que non sexan os gastos administrativos ocasionados ás institucións correrán por conta dos estados membros participantes, agás que o Consello decida outra cousa por unanimidade de tódolos seus membros e logo da consulta ó Parlamento Europeo.»

14) O artigo 45 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 45.

O Consello e a Comisión velarán pola coherencia das accións emprendidas en virtude deste título, así como pola coherencia de tales accións coas políticas da Unión e da Comunidade, e cooperarán para tal efecto.»

15) O artigo 46 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 46.

As disposicións do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, do Tratado Constitutivo da

Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica relativas á competencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e ó exercicio desta só serán aplicables ás seguintes disposicións deste Tratado:

a) as disposicións polas que se modifica o Tratado Constitutivo da Comunidade Económica Europea co fin de constituí-la Comunidade Europea, o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica;

b) as disposicións do título VI, nas condicións establecidas no artigo 35;

c) as disposicións do título VII, nas condicións establecidas nos artigos 11 e 11 A do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e no artigo 40 deste Tratado;

d) o punto 2 do artigo 6 con respecto á actuación das institucións, na medida en que o Tribunal de Xustiza sexa competente consonte os tratados constitutivos das Comunidades Europeas e este Tratado;

e) as disposicións exclusivamente procedementais contidas no artigo 7, pronunciándose o Tribunal de Xustiza por petición do estado membro de que se trate e no prazo dun mes a partir da data da constatación do Consello prevista no devandito artigo;

f) os artigos 46 a 53.»

Artigo 2.

O Tratado Constitutivo da Comunidade Europea queda modificado de conformidade co disposto neste artigo.

1) O artigo 11 substitúese polos artigos 11 e 11 A seguintes:

«Artigo 11.

1. Os estados membros que se propoñan establecer entre si unha cooperación reforzada en calquera dos ámbitos recollidos neste Tratado dirixirán unha solicitude á Comisión, que poderá presentar ó Consello unha proposta en tal sentido. Se non presenta ningunha proposta, a Comisión comunicará os motivos ós estados membros interesados.

2. A autorización para levar a cabo unha cooperación reforzada a que se refire o punto 1 será concedida polo Consello, dentro do respecto ós artigos 43 a 45 do Tratado da Unión Europea, por maioría cualificada, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo. Cando a cooperación reforzada se refira a un ámbito que se rexa polo procedemento previsto no artigo 251 deste Tratado, requirirase o dictame conforme do Parlamento Europeo.

Calquera membro do Consello poderá solicitar que o asunto se remita ó Consello Europeo. Unha vez suscitado o devandito asunto ante este último, o Consello poderá decidir de conformidade co disposto no parágrafo primeiro deste punto.

3. Os actos e decisións necesarios para o desenvolvemento das accións de cooperación reforzada deberán axustarse a tódalas disposicións pertinentes deste Tratado, agás disposición en contrario deste artigo e dos artigos 43 a 45 do Tratado da Unión Europea.

Artigo 11 A.

Calquera estado membro que desexe participar nunha cooperación reforzada establecida en virtude

do artigo 11 notificará a súa intención ó Consello e á Comisión, que transmitirá o seu dictame ó Consello nun prazo de tres meses a partir da data de recepción da notificación. Nun prazo de catro meses a partir da data de recepción da notificación, a Comisión pronunciarase ó respecto, así como sobre as posibles disposicións particulares que poida considerar necesarias.»

2) No artigo 13, o texto actual pasa a se-lo punto 1 e engádesse o punto 2 seguinte:

«2. Malia o disposto no punto 1, cando o Consello adopte medidas comunitarias de estímulo, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos estados membros, para apoiar as accións dos estados membros emprendidas co fin de contribuír á consecución dos obxectivos enunciados no punto 1, decidirá de conformidade co procedemento previsto no artigo 251.»

3) O artigo 18 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 18.

1. Todo cidadán da Unión terá dereito a circular e residir libremente no territorio dos estados membros, con suxeición ás limitacións e condicións previstas neste Tratado e nas disposicións adoptadas para a súa aplicación.

2. Cando unha acción da Comunidade resulte necesaria para alcanzar este obxectivo, e a menos que este Tratado previra os poderes de acción ó respecto, o Consello poderá adoptar disposicións destinadas a facilita-lo exercicio dos dereitos recollidos no punto 1. Decidirá de conformidade co procedemento previsto no artigo 251.

3. O punto 2 non se aplicará ás disposicións referentes ós pasaportes, ós documentos de identidade, ós permisos de residencia ou calquera outro documento asimilado, nin ás disposicións referentes á seguridade social ou á protección social.»

4) No artigo 67 engádesse o punto seguinte:

«5. Como excepción ó disposto no punto 1, o Consello adoptará de conformidade co procedemento establecido no artigo 251:

As medidas previstas no punto 1 do artigo 63 e na letra a) do punto 2 do artigo 63, sempre e cando o Consello adoptara previamente e de conformidade co disposto no punto 1 deste artigo unha lexislación comunitaria que defina as normas comúns e os principios esenciais que rexan estas materias;

as medidas previstas no artigo 65, con exclusión dos aspectos relativos ó dereito de familia.»

5) O artigo 100 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 100.

1. Sen prexuízo dos demais procedementos previstos neste Tratado, o Consello, por maioría cualificada e por proposta da Comisión, poderá decidir medidas axeitadas á situación económica, en particular se xurdisen dificultades graves na subministración de determinados produtos.

2. En caso de dificultades ou en caso de serio risco de dificultades graves nun estado membro, ocasionadas por catástrofes naturais ou acontecementos excepcionais que o devandito estado non puiden controlar, o Consello, por maioría cualificada

e por proposta da Comisión, poderá acordar, en determinadas condicións, unha axuda financeira comunitaria ó estado membro en cuestión. O presidente do Consello informará o Parlamento Europeo acerca da decisión tomada.»

6) O punto 4 do artigo 111 substitúese polo texto seguinte:

«4. Sen prexuízo do disposto no punto 1, o Consello, por maioría cualificada, por proposta da Comisión e logo da consulta ó BCE, decidirá sobre a posición da Comunidade a nivel internacional respecto a temas de especial relevancia para a unión económica e monetaria e sobre a súa representación de acordo coa atribución de competencias prevista nos artigos 99 e 105.»

7) O punto 4 do artigo 123 substitúese polo texto seguinte:

«4. Na data en que entre en vigor a terceira fase, o Consello, por unanimidade dos estados membros non acollidos a unha excepción, por proposta da Comisión e logo da consulta ó BCE, adoptará os tipos de conversión ós que quedarán irrevogablemente fixadas as moedas respectivas dos estados membros e o tipo irrevogablemente fixo ó cal o ecu substituirá as devanditas moedas e se converterá nunha moeda en sentido propio. Esta medida non modificará por si mesma o valor externo do ecu. O Consello, por maioría cualificada dos devanditos estados membros, por proposta da Comisión e logo da consulta ó BCE, adoptará as restantes medidas necesarias para a rápida introducción do ecu como moeda única dos devanditos estados membros. O disposto na segunda frase do punto 5 do artigo 122 será de aplicación.»

8) O artigo 133 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 133.

1. A política comercial común basearase en principios uniformes, particularmente polo que se refire ás modificacións arancelarias, a celebración de acordos arancelarios e comerciais, a consecución da uniformidade das medidas de liberalización, a política de exportación, así como as medidas de protección comercial, e, entre elas, as que deban adoptarse en caso de dumping e subvencións.

2. Para a execución desta política comercial común, a Comisión presentará propostas ó Consello.

3. No caso de que deban negociarse acordos cun ou varios estados ou organizacións internacionais, a Comisión presentará recomendacións ó Consello, que a autorizará para inicia-las negociacións necesarias. Corresponderá ó Consello e á Comisión velar por que os acordos negociados sexan compatibles coas políticas e normas internas da Comunidade.

A Comisión levará a cabo as devanditas negociacións consultando un comité especial, designado polo Consello para asistila na devandita tarefa e no marco das directrices que o Consello poida dirixirlle. A Comisión informará periodicamente o Comité especial sobre a marcha das negociacións.

Serán aplicables as disposicións pertinentes do artigo 300.

4. No exercicio das atribucións que lle confire este artigo, o Consello decidirá por maioría cualificada.

5. O disposto nos puntos 1 a 4 aplicarase así mesmo á negociación e á celebración de acordos

nos ámbitos do comercio de servicios e dos aspectos comerciais da propiedade intelectual, na medida en que os devanditos acordos non estean recollidos nos devanditos puntos e sen prexuízo do disposto no punto 6.

Malia o disposto no punto 4, o Consello decidirá por unanimidade sobre a negociación e a celebración dun acordo nun dos ámbitos considerados no parágrafo primeiro cando o devandito acordo conteña disposicións para as que se requira a unanimidade para a adopción de normas internas ou cando tal acordo se refira a un ámbito no que a Comunidade aínda non exercera, mediante a adopción de normas internas, as súas competencias en virtude deste Tratado.

O Consello decidirá por unanimidade sobre a negociación e a celebración dun acordo de carácter horizontal sempre que tamén se refira ó parágrafo precedente ou ó parágrafo segundo do punto 6.

O disposto neste punto non afectará ó dereito dos estados membros de manter e celebrar acordos con países terceiros ou organizacións internacionais, sempre e cando os devanditos acordos respecten o dereito comunitario e os demais acordos internacionais pertinentes.

6. O Consello non poderá celebrar un acordo se inclúe disposicións que excedan das competencias internas da Comunidade, en particular por ter como consecuencia unha harmonización das disposicións legais ou regulamentarias dos estados membros nun ámbito en que este Tratado exclúa a devandita harmonización.

A este respecto, e malia o disposto no parágrafo primeiro do punto 5, os acordos no ámbito do comercio dos servicios culturais e audiovisuais, dos servicios de educación, así como dos servicios sociais e de saúde humana serán competencia compartida entre a Comunidade e os seus estados membros. Por conseguinte, a negociación de tales acordos esixirá, ademais dunha decisión comunitaria adoptada de conformidade coas disposicións pertinentes do artigo 300, o común acordo dos estados membros. Os acordos negociados desta forma serán celebrados conxuntamente pola Comunidade e polos estados membros.

A negociación e a celebración de acordos internacionais no ámbito dos transportes seguirán suxeitas ás disposicións do título V e do artigo 300.

7. Sen prexuízo do disposto no parágrafo primeiro do punto 6, o Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo, poderá facer extensiva a aplicación dos puntos 1 a 4 ás negociacións e acordos internacionais relativos á propiedade intelectual, na medida en que non estean recollidos no punto 5.»

9) O artigo 137 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 137.

1. Para a consecución dos obxectivos do artigo 136, a Comunidade apoiará e completará a acción dos estados membros nos seguintes ámbitos:

- a) a mellora, en concreto, do ámbito de traballo, para protexe-la saúde e a seguridade dos traballadores;
- b) as condicións de traballo;
- c) a seguridade social e a protección social dos traballadores;
- d) a protección dos traballadores en caso de rescisión do contrato laboral;
- e) a información e a consulta ós traballadores;
- f) a representación e a defensa colectiva dos intereses dos traballadores e dos empresarios,

incluída a coexistión, sen prexuízo do disposto no punto 5;

g) as condicións de emprego dos nacionais de países terceiros que residan legalmente no territorio da Comunidade;

h) a integración das persoas excluídas do mercado laboral, sen prexuízo do artigo 150;

i) a igualdade entre homes e mulleres polo que respecta ás oportunidades no mercado laboral e ó trato no traballo;

j) a loita contra a exclusión social;

k) a modernización dos sistemas de protección social, sen prexuízo da letra c).

2. Para tal fin, o Consello:

a) poderá adoptar medidas destinadas a fomentar a cooperación entre os estados membros mediante iniciativas para mellora-los coñecementos, desenvolve-lo intercambio de información e de boas prácticas, promover fórmulas innovadoras e avaliar experiencias, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos estados membros;

b) poderá adoptar, nos ámbitos mencionados nas letras a) a i) do punto 1, mediante directivas, as disposicións mínimas que terán que aplicarse progresivamente, tendo en conta as condicións e regulamentacións técnicas existentes en cada un dos estados membros. Tales directivas evitarán establecer trabas de carácter administrativo, financeiro e xurídico que obstaculicen a creación e o desenvolvemento de pequenas e medianas empresas.

O Consello decidirá consonte o procedemento previsto no artigo 251 e logo da consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, agás nos ámbitos mencionados nas letras c), d), f) e g) do punto 1 deste artigo, en que o Consello decidirá por unanimidade, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo e ós devanditos comités. O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo, poderá decidir que o procedemento previsto no artigo 251 sexa aplicable ás letras d), f) e g) do punto 1 deste artigo.

3. Todo estado membro poderá confiarlles ós interlocutores sociais, por petición conxunta destes últimos, a aplicación das directivas adoptadas en virtude do punto 2.

En tal caso asegurárase de que, como moito na data na que deba estar trasposta unha directiva consonte o artigo 249, os interlocutores sociais establecesen, mediante acordo, as disposicións necesarias; o estado membro interesado deberá tomar tódalas disposicións necesarias para poder garantir, en todo momento, os resultados fixados pola devandita directiva.

4. As disposicións adoptadas en virtude deste artigo:

Non afectarán a facultade recoñecida ós estados membros de defini-los principios fundamentais do seu sistema de seguridade social, nin deberán afectar de modo sensible ó equilibrio financeiro deste.

Non lles impedirán ós estados membros manter ou introducir medidas de protección máis estrictas compatibles co presente Tratado.

5. As disposicións deste artigo non se aplicarán ás remuneracións, ó dereito de asociación e sindicación, ó dereito de folga nin ó dereito de peche patronal.»

10) O parágrafo segundo do punto 2 do artigo 139 substitúese polo texto seguinte:

«O Consello decidirá por maioría cualificada, a non ser que o acordo en cuestión conteña unha ou máis disposicións relativas a algún dos ámbitos para os que se requira a unanimidade en virtude do punto 2 do artigo 137. Neste caso, o Consello decidirá por unanimidade.»

11) O artigo 144 substitúese polo texto seguinte:
«Artigo 144.

O Consello, logo da consulta ó Parlamento Europeo, creará un Comité de Protección Social, de carácter consultivo, para fomentar a cooperación en materia de protección social entre os estados membros e coa Comisión. O Comité terá por misión:

Supervisar a situación social e a evolución das políticas de protección social dos estados membros e da Comunidade;

facilitar o intercambio de información, experiencias e boas prácticas entre os estados membros e coa Comisión;

sen prexuízo do disposto no artigo 207, elaborar informes, emitir dictames ou emprender outras actividades nos ámbitos que sexan da súa competencia, xa sexa por petición do Consello ou da Comisión, xa por propia iniciativa.

Para levar a cabo o seu mandato, o Comité establecerá os contactos axeitados cos interlocutores sociais.

Cada un dos estados membros e a Comisión designarán dous membros do Comité.»

12) O punto 3 do artigo 157 substitúese polo texto seguinte:

«3. A Comunidade contribuirá a alcanzar os obxectivos estipulados no punto 1 mediante as políticas e actividades que leva a cabo en virtude doutras disposicións deste Tratado. O Consello, de conformidade co procedemento previsto no artigo 251 e logo de consulta ó Comité Económico e Social, poderá tomar medidas específicas destinadas a apoiar as accións que se leven a cabo nos estados membros co fin de realiza-los obxectivos recollidos no punto 1.

Este título non constituirá unha base para o establecemento por parte da Comunidade de medidas que poidan falsear a competencia ou inclúan disposicións fiscais ou relativas ós dereitos e intereses dos traballadores asalariados.»

13) O parágrafo terceiro do artigo 159 substitúese polo texto seguinte:

«Se se manifesta a necesidade de accións específicas á marxe dos fondos e sen prexuízo das medidas decididas no marco das demais políticas comunitarias, o Consello poderá adoptar as devanditas accións de conformidade co procedemento previsto no artigo 251 e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións.»

14) No artigo 161 engádese o parágrafo terceiro seguinte:

«A partir do 1 de xaneiro de 2007 o Consello decidirá por maioría cualificada, por proposta da Comisión, logo de dictame conforme do Parlamento Europeo e tras consulta-lo Comité Económico e Social e o Comité das Rexións, no caso de que na devandita data se adoptaran as perspectivas

financeiras plurianuais aplicables a partir do 1 de xaneiro de 2007 e o correspondente acordo interinstitucional. De non ser así, o procedemento previsto neste parágrafo será aplicable a partir da data da súa adopción.»

15) O punto 2 do artigo 175 substitúese polo texto seguinte:

«2. Malia o procedemento de toma de decisións recollido no punto 1, e sen prexuízo do artigo 95, o Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo, ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, adoptará:

- a) Disposicións esencialmente de carácter fiscal;
- b) as medidas que afecten:

a ordenación territorial;

a xestión cuantitativa dos recursos hídricos ou que afecten directa ou indirectamente a dispoñibilidade dos devanditos recursos;

a utilización do solo, con excepción da xestión dos residuos;

c) as medidas que afecten de forma significativa a elección por un estado membro entre diferentes fontes de enerxía e á estrutura xeral do seu abastecemento enerxético.

O Consello, nas condicións previstas no parágrafo primeiro, poderá defini-las materias mencionadas neste punto sobre as cales as decisións deban ser tomadas por maioría cualificada.»

16) Na terceira parte engádese o título seguinte:

«TÍTULO XXI

Cooperación económica, financeira e técnica con países terceiros

Artigo 181 A.

1. Sen prexuízo das demais disposicións deste Tratado, e, en particular, das do título XX, a Comunidade levará a cabo, no marco das súas competencias, accións de cooperación económica, financeira e técnica con países terceiros. Estas accións serán complementarias das que leven a cabo os estados membros e coherentes coa política de desenvolvemento da Comunidade.

A política da Comunidade neste ámbito contribuirá ó obxectivo xeral do desenvolvemento e á consolidación da democracia e do Estado de dereito, así como ó obxectivo do respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais.

2. O Consello, por maioría cualificada, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo, adoptará as medidas necesarias para a aplicación do punto 1. O Consello decidirá por unanimidade sobre os acordos de asociación considerados no artigo 310 e sobre os acordos que deban celebrarse cos estados candidatos á adhesión á Unión.

3. No marco das súas respectivas competencias, a Comunidade e os estados membros cooperarán cos países terceiros e coas organizacións internacionais competentes. As modalidades de cooperación da Comunidade poderán ser obxecto de acordos entre esta e as terceiras partes inte-

resadas, os cales serán negociados e celebrados de conformidade co disposto no artigo 300.

O parágrafo primeiro non afectará as competencias dos estados membros para negociar nos organismos internacionais e celebrar acordos internacionais.»

17) O parágrafo segundo do artigo 189 substitúese polo texto seguinte:

«O número de membros do Parlamento Europeo non excederá de setecentos trinta e dous.»

18) O punto 5 do artigo 190 substitúese polo texto seguinte:

«5. O Parlamento Europeo establecerá o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións dos seus membros, logo de dictame da Comisión e coa aprobación do Consello por maioría cualificada. Toda norma ou condición relativas ó réxime fiscal dos membros ou dos antigos membros decíranse no Consello por unanimidade.»

19) No artigo 191 engádese o parágrafo segundo seguinte:

«O Consello, de conformidade co procedemento previsto no artigo 251, establecerá o estatuto dos partidos políticos a escala europea, e en particular as normas relativas ó seu financiamento.»

20) O punto 2 do artigo 207 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Consello estará asistido por unha Secretaría Xeral, dirixida por un secretario xeral, alto representante da política exterior e de seguridade común, ó que asistirá pola súa vez un secretario xeral adxunto responsable da xestión da Secretaría Xeral. O Consello nomeará o secretario xeral e o secretario xeral adxunto por maioría cualificada.

O Consello decidirá a organización da Secretaría Xeral.»

21) O artigo 210 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 210.

O Consello, por maioría cualificada, fixará os soldos, axudas de custo e pensións do presidente e dos membros da Comisión, do presidente, dos xuíces, dos avogados xerais e do secretario do Tribunal de Xustiza, así como dos membros e do secretario do Tribunal de Primeira Instancia. Fixará tamén, por igual maioría, calquera outro emolumento de carácter retributivo.»

22) O punto 2 do artigo 214 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Consello, reunido na súa formación de xefes de Estado ou de Goberno e por maioría cualificada, designará a personalidade á que se propoña nomear presidente da Comisión; o Parlamento Europeo deberá aproba-la devandita designación.

O Consello, por maioría cualificada e de común acordo co presidente designado, adoptará a lista das demais personalidades ás que se propoña nomear membros da Comisión, establecida de conformidade coas propostas presentadas por cada estado membro.

O presidente e os demais membros da Comisión designados deste modo someteranse colexiada-

mente ó voto de aprobación do Parlamento Europeo. Unha vez obtida a aprobación do Parlamento Europeo, o presidente e os demais membros da Comisión serán nomeados polo Consello por maioría cualificada.»

23) O artigo 215 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 215.

Á parte dos casos de renovación periódica e falecemento, o mandato dos membros da Comisión concluirá individualmente por dimisión voluntaria ou cesamento.

O membro dimisionario, destituído ou falecido será substituído polo tempo que falte para rematalo seu mandato por un novo membro nomeado polo Consello por maioría cualificada. O Consello, por unanimidade, poderá decidir que non procede tal substitución.

En caso de dimisión, cesamento ou falecemento, o presidente será substituído polo tempo que falte para rematalo mandato. Para a súa substitución será aplicable o procedemento previsto no punto 2 do artigo 214.

Agás en caso de cesamento, previsto no artigo 216, os membros da Comisión permanecerán no seu cargo ata a súa substitución ou ata que o Consello decida non proceder a esta, de conformidade co parágrafo segundo deste artigo.»

24) O artigo 217 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 217.

1. A Comisión exercerá as súas funcións baixo a orientación política do seu presidente, que decidirá a súa organización interna para garanti-la coherencia, a eficacia e a colexialidade da súa acción.

2. As responsabilidades que incumben á Comisión serán estruturadas e repartidas entre os seus membros polo presidente. O presidente poderá reorganiza-la repartición das devanditas responsabilidades ó longo do seu mandato. Os membros da Comisión exercerán as funcións que lles atribúa o presidente baixo a autoridade deste.

3. Logo de aprobación do colexio, o presidente nomeará vicepresidentes de entre os membros da Comisión.

4. Todo membro da Comisión presentará a súa dimisión se o presidente, logo da aprobación do colexio, así llo pedise.»

25) Suprímese o parágrafo primeiro do artigo 219.

26) O artigo 220 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 220.

O Tribunal de Xustiza e o Tribunal de Primeira Instancia garantirán, no marco das súas respectivas competencias, o respecto do dereito na interpretación e aplicación deste Tratado.

Ademais, poderán agregarse ó Tribunal de Primeira Instancia, nas condicións establecidas no artigo 225 A, salas xurisdiccionais para que exerzan, en determinados ámbitos específicos, competencias xurisdiccionais previstas neste Tratado.»

27) O artigo 221 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 221.

O Tribunal de Xustiza estará composto por un xuíz por estado membro.

O Tribunal de Xustiza actuará en salas ou en gran sala, de conformidade coas normas establecidas ó respecto no Estatuto do Tribunal de Xustiza.

Cando o Estatuto así o dispoña, o Tribunal de Xustiza tamén poderá actuar en pleno.»

28) O artigo 222 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 222.

O Tribunal de Xustiza estará asistido por oito avogados xerais. Se o Tribunal de Xustiza o solicita, o Consello, por unanimidade, poderá aumentalo número de avogados xerais.

A función do avogado xeral consistirá en presentar publicamente, con toda imparcialidade e independencia, conclusións motivadas sobre os asuntos que, de conformidade co Estatuto do Tribunal de Xustiza, requiran a súa intervención.»

29) O artigo 223 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 223.

Os xuíces e os avogados xerais do Tribunal de Xustiza, elixidos entre personalidades que ofrezan absolutas garantías de independencia e que reúnan as condicións requiridas para o exercicio, nos seus respectivos países, das máis altas funcións xurisdiccionais ou que sexan xurisconsultos de recoñecida competencia, serán designados de común acordo polos gobernos dos estados membros por un período de seis anos.

Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial dos xuíces e avogados xerais, nas condicións establecidas no Estatuto do Tribunal de Xustiza.

Os xuíces elixirán de entre eles o presidente do Tribunal de Xustiza por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

Os xuíces e os avogados xerais saíntes poderán ser novamente designados.

O Tribunal de Xustiza nomeará o seu secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal de Xustiza establecerá o seu regulamento de procedemento. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.»

30) O artigo 224 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 224.

O Tribunal de Primeira Instancia contará con polo menos un xuíz por estado membro. O número de xuíces será fixado polo Estatuto do Tribunal de Xustiza. O Estatuto poderá dispoñer que o Tribunal de Primeira Instancia estea asistido por avogados xerais.

Os membros do Tribunal de Primeira Instancia serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de altas funcións xurisdiccionais. Serán designados de común acordo polos gobernos dos estados membros por un período de seis anos. Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial. Os membros saíntes poderán ser novamente designados.

Os xuíces elixirán de entre eles o presidente do Tribunal de Primeira Instancia por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

O Tribunal de Primeira Instancia nomeará o seu secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal de Primeira Instancia establecerá o seu regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.»

rirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.

Agás disposición en contrario do Estatuto do Tribunal de Xustiza, as disposicións deste Tratado relativas ó Tribunal de Xustiza serán aplicables ó Tribunal de Primeira Instancia.»

31) O artigo 225 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 225.

1. O Tribunal de Primeira Instancia será competente para coñecer en primeira instancia dos recursos considerados nos artigos 230, 232, 235, 236 e 238, con excepción dos que se atribúan a unha sala xurisdiccional e dos que o estatuto lle reserve ó Tribunal de Xustiza. O estatuto poderá establecer que o Tribunal de Primeira Instancia sexa competente noutras categorías de recursos.

Contra as resolucións dictadas polo Tribunal de Primeira Instancia en virtude deste punto poderá interpoñerse recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza limitado ás cuestións de dereito, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto.

2. O Tribunal de Primeira Instancia será competente para coñecer dos recursos que se interpoñan contra as resolucións das salas xurisdiccionais creadas en aplicación do artigo 225 A.

As resolucións dictadas polo Tribunal de Primeira Instancia en virtude deste punto poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito comunitario.

3. O Tribunal de Primeira Instancia será competente para coñecer das cuestións prexudiciais, formuladas en virtude do artigo 234, en materias específicas determinadas polo estatuto.

Cando o Tribunal de Primeira Instancia considere que o asunto require unha resolución de principio que poida afecta-la unidade ou a coherencia do dereito comunitario, poderá remiti-lo asunto ante o Tribunal de Xustiza para que este resolva.

As resolucións dictadas polo Tribunal de Primeira Instancia sobre cuestións prexudiciais poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito comunitario.»

32) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 225 A.

O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo e ó Tribunal de Xustiza, ou por petición do Tribunal de Xustiza e logo da consulta ó Parlamento Europeo e á Comisión, poderá crear salas xurisdiccionais encargadas de coñecer en primeira instancia de determinadas categorías de recursos interpostos en materias específicas.

A decisión pola que se cree unha sala xurisdiccional fixará as normas relativas á composición da devandita sala e precisará o alcance das competencias que se lle atribúan.

Contra as resolucións dictadas polas salas xurisdiccionais poderá interpoñerse ante o Tribunal de Primeira Instancia recurso de casación limitado ás cuestións de dereito ou, cando a decisión relativa á creación da sala así o contemple, recurso de apelación referente tamén ás cuestións de feito.

Os membros das salas xurisdiccionais serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de funcións xurisdiccionais. Serán designados polo Consello por unanimidade.

As salas xurisdiccionais establecerán o seu regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.

Agás disposición en contrario da decisión pola que se cree a sala xurisdiccional, as disposicións deste Tratado relativas ó Tribunal de Xustiza e as disposicións do Estatuto do Tribunal de Xustiza serán aplicables ás salas xurisdiccionais.»

33) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 229 A.

Sen prexuízo das restantes disposicións deste Tratado, o Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo, poderá adoptar disposicións destinadas a lle atribuír ó Tribunal de Xustiza, na medida en que o Consello determine, a competencia para resolver litixios relativos á aplicación dos actos adoptados sobre a base deste Tratado polos que se crean títulos comunitarios de propiedade industrial. O Consello recomendará que os estados membros adopten as devanditas disposicións de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.»

34) Os parágrafos segundo e terceiro do artigo 230 substitúense polo texto seguinte:

«Para tal fin, será competente para pronunciarse sobre os recursos por incompetencia, vicios substanciais de forma, violación deste Tratado ou de calquera norma xurídica relativa á súa execución, ou desviación de poder, interpostos por un estado membro, o Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión.

O Tribunal de Xustiza será competente nas mesmas condicións para pronunciarse sobre os recursos interpostos polo Tribunal de Contas e polo BCE co fin de salvagardar prerrogativas destes.»

35) O artigo 245 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 245.

O Estatuto do Tribunal de Xustiza fixarase nun protocolo independente.

O Consello, por unanimidade, por petición do Tribunal de Xustiza e logo da consulta ó Parlamento Europeo e á Comisión, ou por petición da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo e ó Tribunal de Xustiza, poderá modifica-las disposicións do Estatuto, a excepción do seu título I.»

36) O artigo 247 modifícase do seguinte xeito:

a) O punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. O Tribunal de Contas estará composto por un nacional de cada estado membro.»;

b) O punto 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. Os membros do Tribunal de Contas serán nomeados para un período de seis anos. O Consello, por maioría cualificada e logo da consulta ó Parlamento Europeo, adoptará a lista de membros establecida de conformidade coas propostas presen-

tadas por cada estado membro. O mandato dos membros do Tribunal de Contas será renovable.

Os membros elixirán de entre eles o presidente do Tribunal de Contas por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.»

37) O artigo 248 modifícase do seguinte xeito:

a) O punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. O Tribunal de Contas examinará as contas da totalidade dos ingresos e gastos da Comunidade. Examinará tamén as contas da totalidade dos ingresos e gastos de calquera organismo creado pola Comunidade, na medida en que o acto constitutivo do devandito organismo non exclúa o devandito exame.

O Tribunal de Contas presentaralles ó Parlamento Europeo e ó Consello unha declaración sobre a fiabilidade das contas e a regularidade e legalidade das operacións correspondentes, que será publicada no "Diario Oficial da Unión Europea". A devandita declaración poderá completarse con observacións específicas sobre cada un dos ámbitos principais da actividade comunitaria.»;

b) O punto 4 substitúese polo texto seguinte:

«4. O Tribunal de Contas elaborará, despois do peche de cada exercicio, un informe anual. O devandito informe será transmitido ás institucións da Comunidade e publicado no "Diario Oficial da Unión Europea", xunto coas respostas destas institucións ás observacións do Tribunal de Contas.

O Tribunal de Contas poderá, ademais, presentar en calquera momento as súas observacións, que poderán consistir en informes especiais, sobre cuestións particulares e emitir dictames, por instancia dunha das demais institucións da Comunidade.

O Tribunal de Contas aprobará os seus informes anuais, informes especiais ou dictames por maioría dos membros que o compoñen. Non obstante, poderá crear no seu seo salas para aprobar determinadas categorías de informes ou de dictames nas condicións previstas polo seu regulamento interno.

O Tribunal de Contas asistirá o Parlamento Europeo e o Consello no exercicio da súa función de control da execución do orzamento.

O Tribunal de Contas elaborará o seu regulamento interno. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.»

38) Nos puntos 1 e 2 do artigo 254, a expresión «Diario Oficial das Comunidades Europeas» substitúese por «Diario Oficial da Unión Europea».

39) O artigo 257 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 257.

Créase un Comité Económico e Social, de carácter consultivo.

O comité estará constituído por representantes dos diferentes compoñentes de carácter económico e social da sociedade civil organizada, en particular dos produtores, agricultores, transportistas, traballadores, comerciantes e artesáns, así como das profesións liberais, dos consumidores e do interese xeral.»

40) O artigo 258 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 258.

O número de membros do Comité Económico e Social non excederá de trescentos cincuenta.

O número de membros do comité será o seguinte:

Bélxica: 12.
Dinamarca: 9.
Alemaña: 24.
Grecia: 12.
España: 21.
Francia: 24.
Irlanda: 9.
Italia: 24.
Luxemburgo: 6.
Países Baixos: 12.
Austria: 12.
Portugal: 12.
Finlandia: 9.
Suecia: 12.
Reino Unido: 24.

Os membros do comité non estarán vinculados por ningún mandato imperativo. Exercerán as súas funcións con plena independencia, en interese xeral da Comunidade.

O Consello establecerá, por maioría cualificada, as axudas de custo dos membros do comité.»

41) O punto 1 do artigo 259 substitúese polo texto seguinte:

«1. Os membros do comité serán nomeados, por proposta dos estados membros, para un período de catro anos. O Consello, por maioría cualificada, adoptará a lista de membros establecida de conformidade coas propostas presentadas por cada estado membro. O mandato dos membros do comité será renovable.»

42) O artigo 263 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 263.

Créase un comité de carácter consultivo, denominado a partir deste momento "Comité das Rexións", composto por representantes dos entes rexionais e locais que sexan titulares dun mandato electoral nun ente rexional ou local, ou que ostenten responsabilidade política ante unha asemblea elixida.

O número de membros do Comité das Rexións non excederá de trescentos cincuenta.

O número de membros do comité será o seguinte:

Bélxica: 12.
Dinamarca: 9.
Alemaña: 24.
Grecia: 12.
España: 21.
Francia: 24.
Irlanda: 9.
Italia: 24.
Luxemburgo: 6.
Países Baixos: 12.
Austria: 12.
Portugal: 12.
Finlandia: 9.
Suecia: 12.
Reino Unido: 24.

Os membros do comité, así como un número igual de suplentes, serán nomeados, por proposta dos respectivos estados membros, para un período de catro anos. O seu mandato será renovable. O Consello, por maioría cualificada, adoptará a lista de membros e suplentes establecida de conformidade coas propostas presentadas por cada estado membro. O termo do mandato mencionado no parágrafo primeiro en virtude do cal fosen propostos, o mandato dos membros do comité concluirá

automaticamente e serán substituídos para o período restante do devandito mandato segundo o mesmo procedemento. Ningún membro do comité poderá ser simultaneamente membro do Parlamento Europeo.

Os membros do comité non estarán vinculados por ningún mandato imperativo. Exercerán as súas funcións con absoluta independencia, en interese xeral da Comunidade.»

43) O artigo 266 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 266.

O Banco Europeo de Investimentos terá personalidade xurídica.

Serán membros do Banco Europeo de Investimentos os estados membros.

Os estatutos do Banco Europeo de Investimentos figuran nun protocolo anexo a este Tratado. O Consello, por unanimidade, por petición do Banco Europeo de Investimentos e logo da consulta ó Parlamento Europeo e á Comisión, ou por petición da Comisión, logo da consulta ó Parlamento Europeo e ó Banco Europeo de Investimentos, poderá modificar os artigos 4, 11 e 12 e o punto 5 do artigo 18 dos estatutos do Banco.»

44) O artigo 279 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 279.

1. O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión, logo da consulta ó Parlamento Europeo e logo do dictame do Tribunal de Contas:

a) Adoptará os regulamentos financeiros que serán que especificar, en particular, as modalidades de adopción e execución do orzamento, así como os referentes á rendición e censura de contas;

b) Determinará as normas e organizará o control da responsabilidade dos interventores, dos ordenadores de pagamentos e contables.

A partir do 1 de xaneiro de 2007, o Consello decidirá por maioría cualificada, por proposta da Comisión, logo da consulta ó Parlamento Europeo e logo do dictame do Tribunal de Contas.

2. O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión, logo da consulta ó Parlamento Europeo e logo do dictame do Tribunal de Contas, fixará as modalidades e o procedemento consonte os cales deberán poñerse á disposición da Comisión os ingresos orzamentarios previstos no réxime de recursos propios da Comunidade e definirá as medidas que deban aplicarse para facer fronte, se é o caso, ás necesidades de tesourería.»

45) O artigo 290 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 290.

O réxime lingüístico das institucións da Comunidade será fixado polo Consello, por unanimidade, sen prexuízo das disposicións previstas no Estatuto do Tribunal de Xustiza.»

46) O artigo 300 modifícase do seguinte xeito:

a) Os parágrafos segundo e terceiro do punto 2 substitúense polo texto seguinte:

«Malia o disposto no punto 3, aplicaranse os mesmos procedementos para a decisión de suspender-la aplicación dun acordo e para o establecemento de posicións que deban adoptarse en nome da Comunidade nun organismo creado por un acordo, cando o devandito organismo deba

adoptar decisións que produzan efectos xurídicos, agás as decisións que completen ou modifiquen o marco institucional do acordo.

Informarase de forma plena e inmediata ó Parlamento Europeo acerca de toda decisión adoptada conforme a este punto, relativa á aplicación provisional ou a suspensión de acordos, ou ó establecemento da posición da Comunidade nalgún organismo creado por un acordo.»

b) O punto 6 substitúese polo texto seguinte:

«6. O Parlamento Europeo, o Consello, a Comisión ou un estado membro poderán solicita-lo dictame do Tribunal de Xustiza sobre a compatibilidade de calquera acordo previsto coas disposicións deste Tratado. Cando o dictame do Tribunal de Xustiza sexa negativo, o acordo só poderá entrar en vigor nas condicións establecidas no artigo 48 do Tratado da Unión Europea.»

47) O artigo 309 modifícase do seguinte xeito:

«a) No punto 1, os termos “punto 2 do artigo 7” substitúense por “punto 3 do artigo 7”;

b) No punto 2, os termos “punto 1 do artigo 7” substitúense por “punto 2 do artigo 7”.»

Artigo 3.

O Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica queda modificado de conformidade co disposto neste artigo.

1) O parágrafo segundo do artigo 107 substitúese polo texto seguinte:

«O número de membros do Parlamento Europeo non excederá de setecentos trinta e dous.»

2) O punto 5 do artigo 108 substitúese polo texto seguinte:

«5. O Parlamento Europeo establecerá o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións dos seus membros, logo do dictame da Comisión e coa aprobación do Consello por maioría cualificada. Toda norma ou condición relativas ó réxime fiscal dos membros ou dos antigos membros decíranse no Consello por unanimidade.»

3) O punto 2 do artigo 121 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Consello estará asistido por unha Secretaría Xeral, dirixida por un secretario xeral, alto representante da Política Exterior e de Seguridade Común, ó que asistirá pola súa vez un secretario xeral adxunto responsable da xestión da Secretaría Xeral. O Consello nomeará o secretario xeral e o secretario xeral adxunto por maioría cualificada.

O Consello decidirá a organización da Secretaría Xeral.»

4) O punto 2 do artigo 127 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Consello, reunido na súa formación de xefes de estado ou de goberno e por maioría cualificada, designará a personalidade á que se propoña nomear presidente da Comisión; o Parlamento Europeo deberá aproba-la devandita designación.

O Consello, por maioría cualificada e de común acordo co presidente designado, adoptará a lista das demais personalidades ás que se propoña nomear membros da Comisión, establecida de con-

formidade coas propostas presentadas por cada estado membro.

O presidente e os demais membros da Comisión designados deste modo someteranse colexiadamente ó voto de aprobación do Parlamento Europeo. Unha vez obtida a aprobación do Parlamento Europeo, o presidente e os demais membros da Comisión serán nomeados polo Consello por maioría cualificada.»

5) O artigo 128 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 128.

Á parte dos casos de renovación periódica e falecemento, o mandato dos membros da Comisión concluirá individualmente por dimisión voluntaria ou cesamento.

O membro dimisionario, destituído ou falecido será substituído polo tempo que falte para remata-lo seu mandato por un novo membro nomeado polo Consello por maioría cualificada. O Consello, por unanimidade, poderá decidir que non procede tal substitución.

En caso de dimisión, cesamento ou falecemento, o presidente será substituído polo tempo que falte para remata-lo mandato. Para a súa substitución será aplicable o procedemento previsto no punto 2 do artigo 127.

Agás en caso de cesamento, previsto no artigo 129, os membros da Comisión permanecerán no seu cargo ata a súa substitución ou ata que o Consello decida non proceder a esta, de conformidade co parágrafo segundo deste artigo.»

6) O artigo 130 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 130.

1. A Comisión exercerá as súas funcións baixo a orientación política do seu presidente, que decidirá a súa organización interna para garanti-la coherencia, a eficacia e a colexialidade da súa acción.

2. As responsabilidades que incumben á Comisión serán estruturadas e repartidas entre os seus membros polo presidente. O presidente poderá reorganiza-la repartición das devanditas responsabilidades ó longo do seu mandato. Os membros da Comisión exercerán as funcións que lles atribúa o presidente baixo a autoridade deste.

3. Logo de aprobación do colexio, o presidente nomeará vicepresidentes de entre os membros da Comisión.

4. Todo membro da Comisión presentará a súa dimisión se o presidente, logo da aprobación do colexio, así llo pedise.»

7) Suprímese o parágrafo primeiro do artigo 132.

8) O artigo 136 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 136.

O Tribunal de Xustiza e o Tribunal de Primeira Instancia garantirán, no marco das súas respectivas competencias, o respecto do dereito na interpretación e aplicación deste Tratado.

Ademais, poderán agregarse ó Tribunal de Primeira Instancia, nas condicións establecidas no artigo 140 B, salas xurisdiccionais para que exerzan, en determinados ámbitos específicos, competencias xurisdiccionais previstas neste Tratado.»

9) O artigo 137 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 137.

O Tribunal de Xustiza estará composto por un xuíz por estado membro.

O Tribunal de Xustiza actuará en salas ou en gran sala, de conformidade coas normas establecidas ó respecto no Estatuto do Tribunal de Xustiza.

Cando o estatuto así o dispoña, o Tribunal de Xustiza tamén poderá actuar en Pleno.»

10) O artigo 138 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 138.

O Tribunal de Xustiza estará asistido por oito avogados xerais. Se o Tribunal de Xustiza o solicitar, o Consello, por unanimidade, poderá aumentalo número de avogados xerais.

A función do avogado xeral consistirá en presentar publicamente, con toda imparcialidade e independencia, conclusións motivadas sobre os asuntos que, de conformidade co Estatuto do Tribunal de Xustiza, requiran a súa intervención.»

11) O artigo 139 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 139.

Os xuíces e os avogados xerais do Tribunal de Xustiza, elixidos entre personalidades que ofrezan absolutas garantías de independencia e que reúnan as condicións requiridas para o exercicio, nos seus respectivos países, das máis altas funcións xurisdiccionais ou que sexan xurisconsultos de recoñecida competencia, serán designados de común acordo polos gobernos dos estados membros por un período de seis anos.

Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial dos xuíces e avogados xerais, nas condicións establecidas no Estatuto do Tribunal de Xustiza.

Os xuíces elixirán de entre eles o presidente do Tribunal de Xustiza por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

Os xuíces e os avogados xerais saíntes poderán ser novamente designados.

O Tribunal de Xustiza nomeará o seu secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal de Xustiza establecerá o seu regulamento de procedemento. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.»

12) O artigo 140 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 140.

O Tribunal de Primeira Instancia contará con polo menos un xuíz por estado membro. O número de xuíces será fixado polo Estatuto do Tribunal de Xustiza. O estatuto poderá dispoñer que o Tribunal de Primeira Instancia estea asistido por avogados xerais.

Os membros do Tribunal de Primeira Instancia serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de altas funcións xurisdiccionais. Serán designados de común acordo polos gobernos dos estados membros por un período de seis anos. Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial. Os membros saíntes poderán ser novamente designados.

Os xuíces elixirán de entre eles o presidente do Tribunal de Primeira Instancia por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

O Tribunal de Primeira Instancia nomeará o seu secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal de Primeira Instancia establecerá o seu regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.

rirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.

Agás disposición en contrario do Estatuto do Tribunal de Xustiza, as disposicións deste Tratado relativas ó Tribunal de Xustiza serán aplicables ó Tribunal de Primeira Instancia.»

13) O artigo 140 A substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 140 A.

1. O Tribunal de Primeira Instancia será competente para coñecer en primeira instancia dos recursos considerados nos artigos 146, 148, 151, 152 e 153, con excepción dos que se atribúan a unha sala xurisdiccional e dos que o estatuto lle reserve ó Tribunal de Xustiza. O estatuto poderá establecer que o Tribunal de Primeira Instancia sexa competente noutras categorías de recursos.

Contra as resolucións dictadas polo Tribunal de Primeira Instancia en virtude deste punto poderá interpoñerse recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza limitado ás cuestións de dereito, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto.

2. O Tribunal de Primeira Instancia será competente para coñecer dos recursos que se interpoñan contra as resolucións das salas xurisdiccionais creadas en aplicación do artigo 140 B.

As resolucións dictadas polo Tribunal de Primeira Instancia en virtude deste punto poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito comunitario.

3. O Tribunal de Primeira Instancia será competente para coñecer das cuestións prexudiciais, formuladas en virtude do artigo 150, en materias específicas determinadas polo estatuto.

Cando o Tribunal de Primeira Instancia considere que o asunto require unha resolución de principio que poida afecta-la unidade ou a coherencia do dereito comunitario, poderá remitilo asunto ante o Tribunal de Xustiza para que este resolva.

As resolucións dictadas polo Tribunal de Primeira Instancia sobre cuestións prexudiciais poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito comunitario.»

14) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 140 B.

O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo e ó Tribunal de Xustiza ou por petición do Tribunal de Xustiza e logo da consulta ó Parlamento Europeo e á Comisión, poderá crear salas xurisdiccionais encargadas de coñecer en primeira instancia de determinadas categorías de recursos interpostos en materias específicas.

A decisión pola que se cree unha sala xurisdiccional fixará as normas relativas á composición da devandita sala e precisará o alcance das competencias que se lle atribúan.

Contra as resolucións dictadas polas salas xurisdiccionais poderá interpoñerse ante o Tribunal de Primeira Instancia recurso de casación limitado ás cuestións de dereito ou, cando a decisión relativa á creación da sala así o contemple, recurso de apelación referente tamén ás cuestións de feito.

Os membros das salas xurisdiccionais serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de funcións xurisdiccionais. Serán designados polo Consello por unanimidade.

As salas xurisdiccionais establecerán o seu regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.

Agás disposición en contrario da decisión pola que se cree a sala xurisdiccional, as disposicións deste Tratado relativas ó Tribunal de Xustiza e as disposicións do Estatuto do Tribunal de Xustiza serán aplicables ás salas xurisdiccionais.»

15) Os parágrafos segundo e terceiro do artigo 146 substitúense polo texto seguinte:

«Para tal fin, será competente para pronunciarse sobre os recursos por incompetencia, vicios substanciais de forma, violación deste Tratado ou de calquera norma xurídica relativa á súa execución, ou desviación de poder, interpostos por un estado membro, o Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión.

O Tribunal de Xustiza será competente nas mesmas condicións para pronunciarse sobre os recursos interpostos polo Tribunal de Contas co fin de salvagarda-las súas prerrogativas.»

16) O artigo 160 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 160.

O Estatuto do Tribunal de Xustiza fixarase nun protocolo independente.

O Consello, por unanimidade, por petición do Tribunal de Xustiza e logo da consulta ó Parlamento Europeo e á Comisión, ou por petición da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo e ó Tribunal de Xustiza, poderá modifica-las disposicións do estatuto, a excepción do seu título I.»

17) O artigo 160 B modifícase do seguinte xeito:

a) O punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. O Tribunal de Contas estará composto por un nacional de cada estado membro.»

b) O punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«3. Os membros do Tribunal de Contas serán nomeados para un período de seis anos. O Consello, por maioría cualificada e logo da consulta ó Parlamento Europeo, adoptará a lista de membros establecida de conformidade coas propostas presentadas por cada estado membro. O mandato dos membros do Tribunal de Contas será renovable.

Os membros elixirán de entre eles o presidente do Tribunal de Contas por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.»

18) O artigo 160 C modifícase do seguinte xeito:

a) O punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. O Tribunal de Contas examinará as contas da totalidade dos ingresos e gastos da Comunidade. Examinará tamén as contas da totalidade dos ingresos e gastos de calquera organismo creado pola Comunidade na medida en que o acto constitutivo do devandito organismo non exclúa o devandito exame.

O Tribunal de Contas presentará ó Parlamento Europeo e ó Consello unha declaración sobre a fiabilidade das contas e a regularidade e legalidade das operacións correspondentes, que será publicada no “Diario Oficial da Unión Europea”. A devandita declaración poderá completarse con observacións específicas sobre cada un dos ámbitos principais da actividade comunitaria.»

b) O punto 4 substitúese polo texto seguinte:

«4. O Tribunal de Contas elaborará, despois do peche de cada exercicio, un informe anual. O devandito informe será transmitido ás institucións da Comunidade e publicado no “Diario Oficial da Unión Europea”, xunto coas respostas destas institucións ás observacións do Tribunal de Contas.

O Tribunal de Contas poderá, ademais, presentar en calquera momento as súas observacións, que poderán consistir en informes especiais sobre cuestións particulares, e emitir dictames, por instancia dunha das demais institucións da Comunidade.

O Tribunal de Contas aprobará os seus informes anuais, informes especiais ou dictames por maioría dos membros que o compoñen. Non obstante, poderá crear no seu seo salas para aprobar determinadas categorías de informes ou de dictames nas condicións previstas polo seu regulamento interno.

O Tribunal de Contas asistirá o Parlamento Europeo e o Consello no exercicio da súa función de control da execución do orzamento.

O Tribunal de Contas elaborará o seu regulamento interno. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.»

19) O parágrafo primeiro do artigo 163 substitúese polo texto seguinte:

«Os regulamentos publicaranse no “Diario Oficial da Unión Europea”. Entrarán en vigor na data que eles mesmos fixen ou, na falta dela, ós vinte días da súa publicación.»

20) O artigo 165 substitúese polo texto seguinte: «Artigo 165.

Créase un Comité Económico e Social, de carácter consultivo.

O comité estará constituído por representantes dos diferentes compoñentes de carácter económico e social da sociedade civil organizada, en particular dos produtores, agricultores, transportistas, traballadores, comerciantes e artesáns, así como das profesións liberais, dos consumidores e do interese xeral.»

21) O artigo 166 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 166.

O número de membros do Comité Económico e Social non excederá de trescentos cincuenta.

O número de membros do comité será o seguinte:

Bélxica: 12.

Dinamarca: 9.

Alemaña: 24.

Grecia: 12.

España: 21.

Francia: 24.

Irlanda: 9.
 Italia: 24.
 Luxemburgo: 6.
 Países Baixos: 12.
 Austria: 12.
 Portugal: 12.
 Finlandia: 9.
 Suecia: 12.
 Reino Unido: 24.

Os membros do comité non estarán vinculados por ningún mandato imperativo. Exercerán as súas funcións con plena independencia, en interese xeral da Comunidade.

O Consello establecerá, por maioría cualificada, as axudas de custo dos membros do comité.»

22) O punto 1 do artigo 167 substitúese polo texto seguinte:

«1. Os membros do comité serán nomeados, por proposta dos estados membros, para un período de catro anos. O Consello, por maioría cualificada, adoptará a lista de membros establecida de conformidade coas propostas presentadas por cada estado membro. O mandato dos membros do comité será renovable.»

23) O artigo 183 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 183.

1. O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión, logo da consulta ó Parlamento Europeo e logo do dictame do Tribunal de Contas:

a) Adoptará os regulamentos financeiros que terán que especificar, en particular, as modalidades de adopción e execución do orzamento, así como os referentes á rendición e censura de contas;

b) Determinará as normas e organizará o control da responsabilidade dos interventores, dos ordenadores de pagamentos e contables.

A partir do 1 de xaneiro de 2007, o Consello decidirá por maioría cualificada, por proposta da Comisión, logo da consulta ó Parlamento Europeo e logo do dictame do Tribunal de Contas.

2. O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión, logo da consulta ó Parlamento Europeo e logo do dictame do Tribunal de Contas, fixará as modalidades e o procedemento consonte os cales deberán poñerse á disposición da Comisión os ingresos orzamentarios previstos no réxime de recursos propios da Comunidade e definirá as medidas que deban aplicarse para facer fronte, se é o caso, ás necesidades de tesourería.»

24) O artigo 190 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 190.

O réxime lingüístico das institucións da Comunidade será fixado polo Consello, por unanimidade, sen prexuízo das disposicións previstas no Estatuto do Tribunal de Xustiza.»

25) O artigo 204 modifícase do seguinte xeito:

«a) No punto 1, os termos “punto 2 do artigo F.1” substitúense por “punto 3 do artigo 7”;

b) No punto 2, os termos “punto 1 do artigo F” substitúense por “punto 1 do artigo 6”, e os termos “punto 1 do artigo F.1” substitúense por “punto 2 do artigo 7”.»

Artigo 4.

O Tratado Constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro queda modificado de conformidade co disposto neste artigo.

1) O punto 2 do artigo 10 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Consello, reunido na súa formación de xefes de estado ou de goberno e por maioría cualificada, designará a personalidade á que se propoña nomear presidente da Comisión; o Parlamento Europeo deberá aproba-la devandita designación.

O Consello, por maioría cualificada e de común acordo co presidente designado, adoptará a lista das demais personalidades ás que se propoña nomear membros da Comisión, establecida de conformidade coas propostas presentadas por cada estado membro.

O presidente e os demais membros da Comisión designados deste modo someteranse colexiadamente ó voto de aprobación do Parlamento Europeo. Unha vez obtida a aprobación do Parlamento Europeo, o presidente e os demais membros da Comisión serán nomeados polo Consello por maioría cualificada.»

2) O artigo 11 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 11.

1. A Comisión exercerá as súas funcións baixo a orientación política do seu presidente, que decidirá a súa organización interna para garanti-la coherencia, a eficacia e a colexialidade da súa acción.

2. As responsabilidades que incumben á Comisión serán estruturadas e repartidas entre os seus membros polo presidente. O presidente poderá reorganiza-la repartición das devanditas responsabilidades ó longo do seu mandato. Os membros da Comisión exercerán as funcións que lles atribúa o presidente baixo a autoridade deste.

3. Logo de aprobación do colexio, o presidente nomeará vicepresidentes de entre os membros da Comisión.

4. Todo membro da Comisión presentará a súa dimisión se o presidente, logo da aprobación do Colexio, así llo pedise.»

3) O artigo 12 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 12.

Á parte dos casos de renovación periódica e falecemento, o mandato dos membros da Comisión concluirá individualmente por dimisión voluntaria ou cesamento.

O membro dimisionario, destituído ou falecido será substituído polo tempo que falte para rematalo seu mandato por un novo membro nomeado polo Consello por maioría cualificada. O Consello, por unanimidade, poderá decidir que non procede tal substitución.

En caso de dimisión, cesamento ou falecemento, o presidente será substituído polo tempo que falte para rematalo mandato. Para a súa substitución será aplicable o procedemento previsto no punto 2 do artigo 10.

Agás en caso de cesamento, previsto no artigo 12 A, os membros da Comisión permanecerán no seu cargo ata a súa substitución ou ata que o Consello decida non proceder a esta, de conformidade co parágrafo segundo deste artigo.»

4) Suprímese o parágrafo primeiro do artigo 13.

5) O parágrafo segundo do artigo 20 substitúese polo texto seguinte:

«O número de membros do Parlamento Europeo non excederá de setecentos trinta e dous.»

6) O punto 5 do artigo 21 substitúese polo texto seguinte:

«5. O Parlamento Europeo establecerá o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións dos seus membros, logo do dictame da Comisión e coa aprobación do Consello por maioría cualificada. Toda norma ou condición relativas ó réxime fiscal dos membros ou dos antigos membros decidiránse no Consello por unanimidade.»

7) O punto 2 do artigo 30 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Consello estará asistido por unha Secretaría Xeral, dirixida por un secretario xeral, alto representante da política exterior e de seguridade común, ó que asistirá pola súa vez un secretario xeral adxunto responsable da xestión da Secretaría Xeral. O Consello nomeará o secretario xeral e o secretario xeral adxunto por maioría cualificada.

O Consello decidirá a organización da Secretaría Xeral.»

8) O artigo 31 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 31.

O Tribunal de Xustiza e o Tribunal de Primeira Instancia garantirán, no marco das súas respectivas competencias, o respecto do dereito na interpretación e aplicación deste Tratado.

Ademais, poderán agregarse ó Tribunal de Primeira Instancia, nas condicións establecidas no artigo 32 sexto, salas xurisdiccionais para que exerzan, en determinados ámbitos específicos, competencias xurisdiccionais previstas neste Tratado.»

9) O artigo 32 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 32.

O Tribunal de Xustiza estará composto por un xuíz por estado membro.

O Tribunal de Xustiza actuará en salas ou en gran sala, de conformidade coas normas establecidas ó respecto no Estatuto do Tribunal de Xustiza.

Cando o estatuto así o dispoña, o Tribunal de Xustiza tamén poderá actuar en pleno.»

10) O artigo 32 bis substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 32 bis.

O Tribunal de Xustiza estará asistido por oito avogados xerais. Se o Tribunal de Xustiza o solicitar, o Consello, por unanimidade, poderá aumentalo número de avogados xerais.

A función do avogado xeral consistirá en presentar publicamente, con toda imparcialidade e independencia, conclusións motivadas sobre os asuntos que, de conformidade co Estatuto do Tribunal de Xustiza, requiran a súa intervención.»

11) O artigo 32 ter substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 32 ter.

Os xuíces e os avogados xerais do Tribunal de Xustiza, elixidos entre personalidades que ofrecen

absolutas garantías de independencia e que reúnan as condicións requiridas para o exercicio, nos seus respectivos países, das máis altas funcións xurisdiccionais ou que sexan xurisconsultos de recoñecida competencia, serán designados de común acordo polos gobernos dos estados membros por un período de seis anos.

Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial dos xuíces e avogados xerais, nas condicións establecidas no Estatuto do Tribunal de Xustiza.

Os xuíces elixirán de entre eles o presidente do Tribunal de Xustiza por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

Os xuíces e os avogados xerais saíntes poderán ser novamente designados.

O Tribunal de Xustiza nomeará o seu secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal de Xustiza establecerá o seu regulamento de procedemento. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.»

12) O artigo 32 quáter substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 32 quáter.

O Tribunal de Primeira Instancia contará con polo menos un xuíz por estado membro. O número de xuíces será fixado polo Estatuto do Tribunal de Xustiza. O estatuto poderá dispoñer que o Tribunal de Primeira Instancia estea asistido por avogados xerais.

Os membros do Tribunal de Primeira Instancia serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de altas funcións xurisdiccionais. Serán designados de común acordo polos gobernos dos estados membros por un período de seis anos. Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial. Os membros saíntes poderán ser novamente designados.

Os xuíces elixirán de entre eles o presidente do Tribunal de Primeira Instancia por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

O Tribunal de Primeira Instancia nomeará o seu secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal de Primeira Instancia establecerá o seu regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.

Agás disposición en contrario do Estatuto do Tribunal de Xustiza, as disposicións deste Tratado relativas ó Tribunal de Xustiza serán aplicables ó Tribunal de Primeira Instancia.»

13) O artigo 32 quinto substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 32 quinto.

1. O Tribunal de Primeira Instancia será competente para coñecer en primeira instancia dos recursos considerados nos artigos 33, 34, 35, 36, 38, 40 e 42, con excepción dos que se atribúan a unha sala xurisdiccional e dos que o estatuto reserve o Tribunal de Xustiza. O estatuto poderá establecer que o Tribunal de Primeira Instancia sexa competente noutras categorías de recursos.

Contra as resolucións dictadas polo Tribunal de Primeira Instancia en virtude deste punto poderá interpoñerse recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza limitado ás cuestións de dereito, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto.

2. O Tribunal de Primeira Instancia será competente para coñecer dos recursos que se interpoñan contra as resolucións das salas xurisdiccionais creadas en aplicación do artigo 32 sexto.

As resolucións dictadas polo Tribunal de Primeira Instancia en virtude deste punto poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito comunitario.

3. O Tribunal de Primeira Instancia será competente para coñecer das cuestións prexudiciais formuladas en virtude do artigo 41, en materias específicas determinadas polo estatuto.

Cando o Tribunal de Primeira Instancia considere que o asunto require unha resolución de principio que poida afecta-la unidade ou a coherencia do dereito comunitario, poderá remiti-lo asunto ante o Tribunal de Xustiza para que este resolva.

As resolucións dictadas polo Tribunal de Primeira Instancia sobre cuestións prexudiciais poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito comunitario.»

14) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 32 sexto.

O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo e ó Tribunal de Xustiza ou por petición do Tribunal de Xustiza e logo da consulta ó Parlamento Europeo e á Comisión, poderá crear salas xurisdiccionais encargadas de coñecer en primeira instancia de determinadas categorías de recursos interpostos en materias específicas.

A decisión pola que se cree unha sala xurisdiccional fixará as normas relativas á composición da devandita sala e precisará o alcance das competencias que se lle atribúan.

Contra as resolucións dictadas polas salas xurisdiccionais poderá interpoñerse ante o Tribunal de Primeira Instancia recurso de casación limitado ás cuestións de dereito ou, cando a decisión relativa á creación da sala así o contemple, recurso de apelación referente tamén ás cuestións de feito.

Os membros das salas xurisdiccionais serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de funcións xurisdiccionais. Serán designados polo Consello por unanimidade.

As salas xurisdiccionais establecerán o seu regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.

Agás disposición en contrario da decisión pola que se cree a sala xurisdiccional, as disposicións deste Tratado relativas ó Tribunal de Xustiza e as disposicións do Estatuto do Tribunal de Xustiza serán aplicables ás salas xurisdiccionais.»

15) O artigo 33 modifícase do seguinte xeito:

a) O parágrafo primeiro substitúese polo texto seguinte:

«O Tribunal de Xustiza será competente para pronunciarse sobre os recursos de nulidade por incompetencia, vicios substanciais de forma, violación do Tratado ou de calquera norma xurídica relativa á súa execución, ou desviación de poder, interpostos

contra as decisións e recomendacións da Comisión por un dos estados membros, polo Parlamento Europeo ou polo Consello. Non obstante, o exame do Tribunal de Xustiza non poderá referirse á apreciación da situación resultante de feitos ou circunstancias económicas en consideración á cal se tomaron tales decisións ou se formularon tales recomendacións, agás cando se acuse a Comisión de incorrer en desviación de poder ou de ignorar manifestamente as disposicións do Tratado ou calquera norma xurídica relativa á súa execución.»

b) O parágrafo cuarto substitúese polo texto seguinte:

«O Tribunal de Xustiza será competente nas mesmas condicións para pronunciarse sobre os recursos interpostos polo Tribunal de Contas co fin de salvagarda-las súas prerrogativas.»

16) O artigo 45 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 45.

O Estatuto do Tribunal de Xustiza fixarase nun protocolo independente.

O Consello, por unanimidade, por petición do Tribunal de Xustiza e logo da consulta ó Parlamento Europeo e á Comisión, ou por petición da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo e ó Tribunal de Xustiza, poderá modifica-las disposicións do estatuto.»

17) O artigo 45 B modifícase do seguinte xeito:

a) O punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. O Tribunal de Contas estará composto por un nacional de cada estado membro.»

b) O punto 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. Os membros do Tribunal de Contas serán nomeados para un período de seis anos. O Consello, por maioría cualificada e logo da consulta ó Parlamento Europeo, adoptará a lista de membros establecida de conformidade coas propostas presentadas por cada estado membro. O mandato dos membros do Tribunal de Contas será renovable.

Os membros elixirán de entre eles o presidente do Tribunal de Contas por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.»

18) O artigo 45 C modifícase do seguinte xeito:

a) O punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. O Tribunal de Contas examinará as contas da totalidade dos ingresos e gastos da Comunidade. Examinará tamén as contas da totalidade dos ingresos e gastos de calquera organismo creado pola Comunidade, na medida en que o acto constitutivo do devandito organismo non exclúa o devandito exame.

O Tribunal de Contas presentará ó Parlamento Europeo e ó Consello unha declaración sobre a fiabilidade das contas e a regularidade e legalidade das operacións correspondentes, que será publicada no "Diario Oficial da Unión Europea". A devandita declaración poderá completarse con observacións específicas sobre cada un dos ámbitos principais da actividade comunitaria.»

b) O punto 4 substitúese polo texto seguinte:

«4. O Tribunal de Contas elaborará, despois do peche de cada exercicio, un informe anual. O devandito informe será transmitido ás institucións da Comunidade e publicado no "Diario Oficial da Unión

Europea”, xunto coas respostas destas institucións ás observacións do Tribunal de Contas.

O Tribunal de Contas poderá, ademais, presentar en calquera momento as súas observacións, que poderán consistir en informes especiais, sobre cuestións particulares e emitir dictames, por instancia dunha das demais institucións da Comunidade.

O Tribunal de Contas aprobará os seus informes anuais, informes especiais ou dictames por maioría dos membros que o compoñen. Non obstante, poderá crear no seu seo salas para aprobar determinadas categorías de informes ou de dictames nas condicións previstas polo seu regulamento interno.

O Tribunal de Contas asistirá o Parlamento Europeo e o Consello no exercicio da súa función de control da execución do orzamento.

O Tribunal de Contas elaborará o seu regulamento interno. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello por maioría cualificada.»

19) O artigo 96 modifícase do seguinte xeito:

- «a) No punto 1, os termos “punto 2 do artigo F.1” substitúense por “punto 3 do artigo 7”;
b) No punto 2, os termos “punto 1 do artigo F” substitúense por “punto 1 do artigo 6”, e os termos “punto 1 do artigo F.1” substitúense por “punto 2 do artigo 7”.»

Artigo 5.

O protocolo sobre os estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo queda modificado de conformidade co disposto neste artigo.

No artigo 10 engádesse o punto seguinte:

«10.6 O Consello, reunido na súa formación de xefes de estado ou de goberno, por unanimidade, ben sobre a base dunha recomendación do BCE e logo da consulta ó Parlamento Europeo e á Comisión, ben sobre a base dunha recomendación da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo e ó BCE, poderá modifica-lo disposto no artigo 10.2. O Consello recomendará a adopción de tales modificacións polos estados membros. As devanditas modificacións entrarán en vigor trala súa ratificación por tódolos estados membros de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

Toda recomendación que faga o BCE en virtude deste punto requirirá unha decisión unánime do Consello de Goberno.»

Artigo 6.

O protocolo sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas queda modificado de conformidade co disposto neste artigo.

O artigo 21 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 21.

Os artigos 12 a 15 e o artigo 18 serán aplicables ós xuíces, avogados xerais, secretario e relatores adxuntos do Tribunal de Xustiza, así como ós membros e ó secretario do Tribunal de Primeira Instancia, sen prexuízo das disposicións do artigo 3 do protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza relativas á inmunidade de xurisdicción dos xuíces e avogados xerais.»

SEGUNDA PARTE

Disposicións transitorias e derradeiras

Artigo 7.

Os protocolos sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza anexos ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica quedan derogados e substitúense polo protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza anexo por este Tratado ó Tratado da Unión Europea, ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica.

Artigo 8.

Quedan derogados os artigos 1 a 20, 44, 45, os parágrafos segundo e terceiro do artigo 46, e os artigos 47 a 49, 51, 52, 54 e 55 do protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro.

Artigo 9.

Sen prexuízo dos artigos do protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro que seguen en vigor, cando o Tribunal de Xustiza exerza as súas competencias en virtude das disposicións do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro serán aplicables as disposicións do protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza anexo por este Tratado ó Tratado da Unión Europea, ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica.

Artigo 10.

A Decisión 88/591/CECA, CEE, Euratom, do Consello, do 24 de outubro de 1988, pola que se crea un Tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas, segundo foi modificada, queda derogada, con excepción do seu artigo 3, na medida en que o Tribunal de Primeira Instancia exerza, en virtude do devandito artigo, competencias atribuídas ó Tribunal de Xustiza polo Tratado Constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro.

Artigo 11.

Este Tratado conclúese por un período de tempo ilimitado.

Artigo 12.

1. Este Tratado será ratificado polas altas partes contratantes, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais. Os instrumentos de ratificación serán depositados ante o Goberno da República Italiana.

2. Este Tratado entrará en vigor o primeiro día do segundo mes seguinte ó depósito do instrumento de ratificación do último estado signatario que cumpra a devandita formalidade.

Artigo 13.

Este Tratado, redactado nun exemplar único, en linguas alemana, danesa, española, finesa, francesa, grega, inglesa, irlandesa, italiana, neerlandesa, portuguesa e sueca, os textos da cal en cada unha destas linguas

son igualmente auténticos, será depositado nos arquivos do Goberno da República Italiana, que remitirá unha copia autenticada a cada un dos gobernos dos restantes estados signatarios.

Feito en Niza, o 26 de febreiro de 2001.

PROTOCOLOS

A) Protocolo anexo ó Tratado da Unión Europea e ós tratados constitutivos das Comunidades Europeas

Protocolo sobre a ampliación da Unión Europea

As altas partes contratantes

Adoptaron as disposicións seguintes, que se incorporan como anexo ó Tratado da Unión Europea e ós tratados constitutivos das Comunidades Europeas:

Artigo 1. *Derrogación do protocolo sobre as institucións.*

Queda derrogado o protocolo sobre as institucións na perspectiva da ampliación da Unión Europea, anexo ó Tratado da Unión Europea e ós tratados constitutivos das Comunidades Europeas.

Artigo 2. *Disposicións relativas ó Parlamento Europeo.*

O 1 de xaneiro de 2004, e con efecto a partir do inicio da lexislatura 2004-2009, o parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 190 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e o parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 108 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica substituiranse polo texto seguinte:

«O número de representantes elixidos en cada estado membro será o seguinte:

Bélxica: 22.
Dinamarca: 13.
Alemaña: 99.
Grecia: 22.
España: 50.
Francia: 72.
Irlanda: 12.
Italia: 72.
Luxemburgo: 6.
Países Baixos: 25.
Austria: 17.
Portugal: 22.
Finlandia: 13.
Suecia: 18.
Reino Unido: 72.»

2. Sen prexuízo do disposto no punto 3, o número total de representantes ó Parlamento Europeo para a lexislatura 2004-2009 será igual ó número de representantes que figura no punto 2 do artigo 190 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e no punto 2 do artigo 108 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, engadíndoselle o número de representantes dos novos estados membros que se derive dos tratados de adhesión asinados como moito o 1 de xaneiro de 2004.

3. En caso de que o número total dos membros recollido no punto 2 sexa inferior a setecentos trinta e dous, aplicarase ó número de representantes que haxa que elixir en cada estado membro unha corrección proporcional, de tal maneira que o número total sexa o máis próximo posible a setecentos trinta e dous, sen que esta corrección dea lugar a que en ningún estado membro o número de representantes que haxa que elixir sexa superior ó esta-

blecido no punto 2 do artigo 190 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e no punto 2 do artigo 108 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica para a lexislatura 1999-2004.

O Consello tomará unha decisión para tal efecto.

4. Malia o disposto no parágrafo segundo do artigo 189 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e no parágrafo segundo do artigo 107 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, en caso de que entre en vigor algún tratado de adhesión con posterioridade á adopción da decisión do Consello prevista no parágrafo segundo do punto 3 deste artigo, o número de membros do Parlamento Europeo poderá superar de forma transitoria os setecentos trinta e dous durante o período de aplicación da mencionada decisión. O número de representantes que haxa que elixir nos estados membros de que se trate aplicarase a mesma corrección que a indicada no parágrafo primeiro do punto 3 deste artigo.

Artigo 3. *Disposicións relativas á ponderación de votos no Consello.*

1. O 1 de xaneiro de 2005:

a) No artigo 205 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e no artigo 118 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

i) O punto 2 substituirase polo texto seguinte:

«2. Cando o Consello deba adoptar un acordo por maioría cualificada, os votos dos membros ponderaranse do modo seguinte:

Bélxica: 12.
Dinamarca: 7.
Alemaña: 29.
Grecia: 12.
España: 27.
Francia: 29.
Irlanda: 7.
Italia: 29.
Luxemburgo: 4.
Países Baixos: 13.
Austria: 10.
Portugal: 12.
Finlandia: 7.
Suecia: 10.
Reino Unido: 29.

Para a súa adopción, os acordos do Consello requirirán polo menos cento sesenta e nove votos que representen a votación favorable da maioría dos membros, cando en virtude deste Tratado deban ser adoptados por proposta da Comisión.

Nos demais casos, requirirán polo menos cento sesenta e nove votos que representen a votación favorable de dous tercios dos membros como mínimo.»

ii) Engadirase o punto 4 seguinte:

«4. Cando o Consello adopte unha decisión por maioría cualificada, calquera membro do Consello poderá solicitar que se comprobe que os estados membros que constitúen a maioría cualificada representan como mínimo o 62 por cento da poboación total da Unión. Se se puxer de manifesto que esta condición non se cumpre, a decisión en cuestión non será adoptada.»

b) No punto 2 do artigo 23 do Tratado da Unión Europea, o parágrafo terceiro substituirase polo texto seguinte:

«Os votos dos membros do Consello ponderaranse consonte o disposto no punto 2 do artigo 205 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Para a súa adopción, as decisións requirirán polo menos cento sesenta e nove votos que representen a votación favorable de dous tercios dos membros como mínimo. Cando o Consello adopte unha decisión por maioría cualificada, calquera membro do Consello poderá solicitar que se comprobe que os estados membros que constitúen a maioría cualificada representan como mínimo o 62 por 100 da poboación total da Unión. Se se puxer de manifesto que esta condición non se cumpre, a decisión en cuestión non será adoptada.»

c) No artigo 34 do Tratado da Unión Europea, o punto 3 substituirase polo texto seguinte:

«3. Cando o Consello deba adoptar un acordo por maioría cualificada, os votos dos membros ponderaranse consonte o punto 2 do artigo 205 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e, para a súa adopción, os acordos do Consello requirirán polo menos cento sesenta e nove votos que representen a votación favorable de dous tercios dos membros como mínimo. Cando o Consello adopte unha decisión por maioría cualificada, calquera membro do Consello poderá solicitar que se comprobe que os estados membros que constitúen a maioría cualificada representan como mínimo o 62 por 100 da poboación total da Unión. Se se puxer de manifesto que esta condición non se cumpre, a decisión en cuestión non será adoptada.»

2. No momento de cada adhesión, o limiar indicado no parágrafo segundo do punto 2 do artigo 205 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e no parágrafo segundo do punto 2 do artigo 118 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica calcularase de tal maneira que o limiar da maioría cualificada expresada en votos non supere o que resulta do cadro que figura na declaración relativa á ampliación da Unión Europea, incluída na acta derradeira da Conferencia que adoptou o Tratado de Niza.

Artigo 4. *Disposicións relativas á Comisión.*

1. O 1 de xaneiro de 2005 e con efecto a partir da entrada en funcións da primeira Comisión posterior a esa data, o punto 1 do artigo 213 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e o punto 1 do artigo 126 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica substituiranse polo texto seguinte:

«1. Os membros da Comisión serán elixidos en razón da súa competencia xeral e deberán ofrecer garantías plenas de independencia.

A Comisión deberá comprender un nacional de cada un dos estados membros.

O Consello poderá modificar, por unanimidade, o número de membros da Comisión.»

2. Cando a Unión conte con 27 estados membros, o punto 1 do artigo 213 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e o punto 1 do artigo 126 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica substituiranse polo texto seguinte:

«1. Os membros da Comisión serán elixidos en razón da súa competencia xeral e deberán ofrecer garantías plenas de independencia.

O número de membros da Comisión será inferior ó número de estados membros. Os membros da

Comisión serán elixidos conforme a unha rotación igualitaria as modalidades da cal o Consello adoptará por unanimidade.

O Consello fixará, por unanimidade, o número de membros da Comisión.»

Esta modificación aplicarase a partir da data de entrada en funcións da primeira Comisión posterior á data de adhesión do vixésimo sétimo estado membro da Unión.

3. O Consello, por unanimidade, trala sinatura do Tratado de adhesión do vixésimo sétimo estado membro da Unión, adoptará:

o número de membros da Comisión;

as modalidades da rotación igualitaria que conteñan a totalidade de criterios e de normas necesarios para a fixación automática da composición dos sucesivos colexios, baseándose nos principios seguintes:

a) os estados membros serán tratados nun estricto pé de igualdade no que se refire á determinación da orde correspondente e do período de permanencia dos seus nacionais na Comisión; polo tanto, a diferenza entre o número total dos mandatos que exerzan nacionais de dous determinados estados membros nunca poderá ser superior a un;

b) sen prexuízo do disposto na letra a), cada un dos sucesivos colexios constituirase de forma que reflicta de xeito satisfactorio a diversidade demográfica e xeográfica do conxunto dos estados membros da Unión.

4. Todo estado que se adhira á Unión terá dereito, no momento da súa adhesión, a un nacional como membro da Comisión ata que se aplique o punto 2.

B) Protocolo anexo ó Tratado da Unión Europea, ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica

Protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza

As altas partes contratantes,

Desexando establece-lo Estatuto do Tribunal de Xustiza previsto no artigo 245 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e no artigo 160 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica,

Conviñeron nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ó Tratado da Unión Europea, ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

Artigo 1.

O Tribunal de Xustiza constituirase e exercerá as súas funcións de conformidade coas disposicións do Tratado da Unión Europea (Tratado UE), do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (Tratado CE), do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (Tratado CEEA) e deste estatuto.

TÍTULO I

Estatuto dos xuíces e dos avogados xerais

Artigo 2.

Todo xuíz, antes de entrar en funcións, deberá prestar xuramento, en sesión pública, de que exercerá as súas funcións con toda imparcialidade e en conciencia e de que non violará en modo ningún o segredo das deliberacións.

Artigo 3.

Os xuíces gozarán de inmunidade de xurisdicción. Despois de cesar nas súas funcións, continuarán gozando de inmunidade respecto dos actos realizados por eles con carácter oficial, incluídas as súas manifestacións orais e escritas.

O Tribunal de Xustiza, reunido en pleno, poderá levantar-la inmunidade.

En caso de que, unha vez levantada a inmunidade, se exercese unha acción penal contra un xuíz, este só poderá ser xulgado, en cada un dos estados membros, pola autoridade competente para xulga-los maxistrados pertencentes ó órgano xurisdiccional supremo nacional.

Os artigos 12 a 15 e o artigo 18 do protocolo sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas serán aplicables ós xuíces, avogados xerais, secretario e relatores adxuntos do Tribunal de Xustiza, sen prexuízo das disposicións relativas á inmunidade de xurisdicción dos xuíces que figuran nos parágrafos precedentes.

Artigo 4.

Os xuíces non poderán exercer ningunha función política ou administrativa.

Non poderán, agás autorización concedida con carácter excepcional polo Consello, exercer ningunha actividade profesional, retribuída ou non.

No momento de asumir as súas funcións, comprometeranse solemnemente a respectar, mentres dure o seu mandato e aínda despois de finalizar este, as obrigas derivadas do seu cargo e, en especial, os deberes de honestidade e discreción en canto á aceptación, unha vez rematado o seu mandato, de determinadas funcións ou beneficios.

En caso de dúbida, o Tribunal de Xustiza decidirá.

Artigo 5.

Á parte dos casos de renovación periódica e falecemento, o mandato dos xuíces concluirá individualmente por dimisión.

En caso de dimisión dun xuíz, a carta de dimisión será dirixida ó presidente do Tribunal de Xustiza, quen a transmitirá ó presidente do Consello. Esta última notificación determinará a vacante do cargo.

Agás os casos en que sexa aplicable o artigo 6, os xuíces continuarán no seu cargo ata a entrada en funcións do seu sucesor.

Artigo 6.

Os xuíces só poderán ser relevados das súas funcións ou privados do seu dereito a pensión ou de calquera outro beneficio substitutivo cando, a xuízo unánime dos xuíces e dos avogados xerais do Tribunal de Xustiza, deixen de reuni-las condicións requiridas ou incumpran as obrigas que se derivan do seu cargo. O interesado non tomará parte en tales deliberacións.

O secretario comunicará a decisión do Tribunal de Xustiza ós presidentes do Parlamento Europeo e da Comisión e notificaralla ó presidente do Consello.

Cando se trate dunha decisión que releve un xuíz das súas funcións, esta última notificación determinará a vacante do cargo.

Artigo 7.

Os xuíces que cesen nas súas funcións antes da expiración do seu mandato serán substituídos polo tempo que falte para remata-lo devandito mandato.

Artigo 8.

As disposicións dos artigos 2 a 7 serán aplicables ós avogados xerais.

TÍTULO II

Organización

Artigo 9.

A renovación parcial dos xuíces, que terá lugar cada tres anos, afectará alternativamente a oito e sete xuíces.

A renovación parcial dos avogados xerais, que terá lugar cada tres anos, afectará cada vez a catro avogados xerais.

Artigo 10.

O secretario prestará xuramento ante o Tribunal de Xustiza de que exercerá as súas funcións con toda imparcialidade e en conciencia e de que non violará en modo ningún o segredo das deliberacións.

Artigo 11.

O Tribunal de Xustiza disporá a substitución do secretario en caso de impedimento deste.

Artigo 12.

Adscribiranse ó Tribunal de Xustiza funcionarios e outros axentes co fin de garanti-lo seu funcionamento. Dependerán do secretario baixo a autoridade do presidente.

Artigo 13.

Por proposta do Tribunal de Xustiza, o Consello poderá prever, por unanimidade, o nomeamento de relatores adxuntos e establece-lo seu estatuto. Os relatores adxuntos poderán ser chamados, nas condicións que determine o regulamento de procedemento, a participar na instrucción dos asuntos sometidos ó Tribunal de Xustiza e a colaborar co xuíz relator.

Os relatores adxuntos, elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e posúan a competencia xurídica necesaria, serán nomeados polo Consello. Prestarán xuramento ante o Tribunal de Xustiza de que exercerán as súas funcións con toda imparcialidade e en conciencia e de que non violarán en modo ningún o segredo das deliberacións.

Artigo 14.

Os xuíces, os avogados xerais e o secretario deberán residir na localidade na que o Tribunal de Xustiza teña a súa sede.

Artigo 15.

O Tribunal de Xustiza funcionará de modo permanente. A duración das vacacións xudiciais será fixada polo Tribunal de Xustiza, tendo en conta as necesidades do servizo.

Artigo 16.

O Tribunal de Xustiza constituirá salas compostas por tres e cinco xuíces. Os xuíces elixirán de entre eles os presidentes de sala. Os presidentes das salas de cinco

xuíces serán elixidos por tres anos. O seu mandato poderá renovarse unha vez.

A gran sala estará composta por once xuíces. Estará presidida polo presidente do Tribunal de Xustiza. Tamén formarán parte da gran sala os presidentes das salas de cinco xuíces e outros xuíces designados nas condicións establecidas no regulamento de procedemento.

O Tribunal de Xustiza actuará en gran sala cando o solicite un estado membro ou unha institución das Comunidades que sexa parte no proceso.

O Tribunal de Xustiza actuará en pleno cando se lle someta un asunto en aplicación do punto 2 do artigo 195, do punto 2 do artigo 213, do artigo 216 ou do punto 7 do artigo 247 do Tratado CE ou do punto 2 do artigo 107 D, do punto 2 do artigo 126, do artigo 129 ou do punto 7 do artigo 160 B do Tratado CEEA.

Así mesmo, cando considere que un asunto do que coñece reviste unha importancia excepcional, o Tribunal de Xustiza poderá decidir, oído o avogado xeral, a súa atribución ó pleno.

Artigo 17.

O Tribunal de Xustiza só poderá deliberar validamente en número impar.

As deliberacións das salas compostas por tres ou cinco xuíces só serán válidas se están presentes tres xuíces.

As deliberacións da gran sala só serán válidas se están presentes nove xuíces.

As deliberacións do Tribunal de Xustiza reunido en Pleno só serán válidas se están presentes once xuíces.

En caso de impedimento dun dos xuíces que compoñen unha sala, poderase requirir a asistencia dun xuíz que forme parte doutra sala, nas condicións que determine o regulamento de procedemento.

Artigo 18.

Os xuíces e os avogados xerais non poderán participar na resolución de ningún asunto no que interviñesen anteriormente en calidade de axente, asesor ou avogado dunha das partes, ou respecto do cal fosen chamados a pronunciarse como membros dun tribunal, dunha comisión investigadora ou en calquera outro concepto.

Se, por unha razón especial, un xuíz ou un avogado xeral estima que non pode participar no xuízo ou no exame dun asunto determinado, informará diso ó presidente. Se o presidente estima que, por unha razón especial, un xuíz ou un avogado xeral non debe participar ou presentar conclusións nun determinado asunto, advertirá diso ó interesado.

En caso de dificultade sobre a aplicación deste artigo, o Tribunal de Xustiza decidirá.

Unha parte non poderá invocar a nacionalidade dun xuíz ou a ausencia no Tribunal de Xustiza ou nunha das súas salas dun xuíz da súa nacionalidade para pedir a modificación da composición do Tribunal de Xustiza ou dunha das súas salas.

TÍTULO III

Procedemento

Artigo 19.

Os estados membros, así como as institucións das Comunidades, estarán representados ante o Tribunal de Xustiza por un axente designado para cada asunto; o axente poderá estar asistido por un asesor ou un avogado.

Os estados parte no acordo sobre o Espacio Económico Europeo, distintos dos estados membros, e o

órgano de vixilancia da AELC, previsto polo devandito acordo, estarán representados do mesmo xeito.

As outras partes deberán estar representadas por un avogado.

Unicamente un avogado que estea facultado para exercer ante un órgano xurisdiccional dun estado membro ou doutro estado parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo poderá representar ou asistir unha parte ante o Tribunal de Xustiza.

Os axentes, asesores e avogados que comparezan ante o Tribunal de Xustiza gozarán dos dereitos e garantías necesarios para o exercicio independente das súas funcións, nas condicións que determine o regulamento de procedemento.

O Tribunal de Xustiza gozará, respecto dos asesores e avogados que ante el comparezan, dos poderes normalmente recoñecidos nesta materia ós xulgados e tribunais, nas condicións que determine o mesmo regulamento.

Os profesores nacionais dos estados membros a lexislación dos cales lles recoñeza o dereito de actuar en xuízo gozarán ante o Tribunal de Xustiza dos dereitos que este artigo lles recoñece ós avogados.

Artigo 20.

O procedemento ante o Tribunal de Xustiza constará de dúas fases: unha escrita e outra oral.

A fase escrita consistirá na notificación ás partes, así como ás institucións das Comunidades das que se impugnen os seus actos, das demandas, alegacións, contestacións e observacións e, eventualmente, das réplicas, así como de calquera outra peza ou documento de apoio ou das súas copias certificadas conformes.

As notificacións faranse baixo a responsabilidade do secretario na orde e nos prazos que determine o regulamento de procedemento.

A fase oral comprenderá a lectura do informe presentado polo xuíz relator, a audiencia polo Tribunal de Xustiza dos axentes, asesores e avogados e as conclusións do avogado xeral e, se procede, o exame de testemuñas e peritos.

Se considera que o asunto non formula ningunha cuestión de dereito nova, o Tribunal de Xustiza poderá decidir, oído o avogado xeral, que o asunto sexa xulgado sen conclusións do avogado xeral.

Artigo 21.

O procedemento ante o Tribunal de Xustiza iníciase mediante unha demanda dirixida ó secretario. A demanda haberá de conter o nome e o domicilio do demandante e a calidade do asinante, o nome da parte ou partes contra as que se interpoña a demanda, o obxecto do litixio, as pretensións e unha exposición sumaria dos motivos invocados.

A demanda deberá ir acompañada, se procede, do acto do que se solicita a anulación ou, na hipótese considerada no artigo 232 do Tratado CE e no artigo 148 do Tratado CEEA, dun documento que certifique a data do requirimento previsto nos devanditos artigos. Se non se achegasen os devanditos documentos á demanda, o secretario invitará o interesado a presentalos nun prazo razoable, sen que caiba opoñer preclusión en caso de que se regularice a situación procesual transcorrido o prazo para recorrer.

Artigo 22.

Nos casos a que se refire o artigo 18 do Tratado CEEA, o recurso ante o Tribunal de Xustiza interporase mediante escrito dirixido ó secretario. O escrito haberá

de conte-lo nome e o domicilio do demandante e a calidade do asinante, con indicación da decisión contra a que se interpón recurso, o nome das partes litigantes, o obxecto do litixio, as pretensións e unha exposición sumaria dos motivos invocados.

O escrito deberá ir xunto cunha copia conforme da decisión do Comité de Arbitraxo que se impugne.

Se o Tribunal de Xustiza desestima o recurso, a decisión do Comité de Arbitraxo será definitiva.

Se o Tribunal de Xustiza anula a decisión do Comité de Arbitraxo, se hai lugar e por iniciativa dunha das partes no proceso, poderá continuarse o procedemento ante o Comité de Arbitraxo. Este deberá axustarse ás cuestións de dereito dirimidas polo Tribunal de Xustiza.

Artigo 23.

Nos casos a que se refiren o punto 1 do artigo 35 do Tratado UE, o artigo 234 do Tratado CE e o artigo 150 do Tratado CEEA, a decisión do órgano xurisdiccional nacional que suspende o procedemento e somete o asunto ó Tribunal de Xustiza será notificada a este último polo devandito órgano xurisdiccional. A continuación, o secretario do Tribunal de Xustiza notificaralles tal decisión ás partes litigantes, ós estados membros e á Comisión, así como ó Consello ou ó Banco Central Europeo, cando o acto do que se cuestiona a súa validez ou interpretación emane destes, e ó Parlamento Europeo e ó Consello, cando o acto do que se cuestiona a súa validez ou interpretación fose adoptado conxuntamente por estas dúas institucións.

No prazo de dous meses desde esta última notificación, as partes, os estados membros, a Comisión e, cando proceda, o Parlamento Europeo, o Consello e o Banco Central Europeo terán dereito a lle presentar ó Tribunal de Xustiza alegacións ou observacións escritas.

Nos casos a que se refire o artigo 234 do Tratado CE, o secretario do Tribunal de Xustiza notificará a decisión do órgano xurisdiccional nacional ós estados parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, distintos dos estados membros, e ó órgano de vixilancia da AELC, previsto polo devandito acordo, que, no prazo de dous meses desde a notificación e sempre que resulte afectado un dos ámbitos de aplicación de tal acordo, poderán presentar ó Tribunal de Xustiza alegacións ou observacións escritas.

Artigo 24.

O Tribunal de Xustiza poderalles pedir ás partes que presenten tódolos documentos e faciliten tódalas informacións que estime convenientes. En caso de negativa, farao constar en acta.

O Tribunal de Xustiza poderalles tamén pedir ós estados membros e ás institucións que non sexan parte no litixio tódalas informacións que considere necesarias para os efectos procesuais.

Artigo 25.

En calquera momento, o Tribunal de Xustiza poderá encomendar a calquera persoa, corporación, gabinete técnico, comisión ou órgano da súa elección a elaboración dun dictame pericial.

Artigo 26.

Poderanse oír-las testemuñas nas condicións que determine o regulamento de procedemento.

Artigo 27.

O Tribunal de Xustiza gozará, respecto das testemuñas que non comparezan, dos poderes xeralmente recoñecidos nesta materia ós xulgados e tribunais e poderá impoñer sancións pecuniarias nas condicións que determine o regulamento de procedemento.

Artigo 28.

As testemuñas e peritos poderán prestar declaración baixo xuramento, segundo a fórmula que estableza o regulamento de procedemento ou segundo o previsto na lexislación nacional da testemuña ou do perito.

Artigo 29.

O Tribunal de Xustiza poderá ordenar que unha testemuña ou un perito preste declaración ante a autoridade xudicial do seu domicilio.

Este auto será comunicado, para os efectos da súa execución, á autoridade xudicial competente nas condicións que determine o regulamento de procedemento. Os documentos que resulten da execución da comisión rogatoria serán remitidos ó Tribunal de Xustiza nas mesmas condicións.

O Tribunal de Xustiza sufragará os gastos, sen prexuízo de cargalos, se procede, ás partes.

Artigo 30.

Cada estado membro considerará toda violación do xuramento das testemuñas e peritos como un delito cometido ante un tribunal nacional con xurisdicción en materia civil. Logo da denuncia do Tribunal de Xustiza, o estado de que se trate perseguirá os autores do devandito delito ante o órgano xurisdiccional nacional competente.

Artigo 31.

A vista será pública, agás que, por motivos graves, o Tribunal de Xustiza decida o contrario, de oficio ou por instancia de parte.

Artigo 32.

Durante a vista, o Tribunal de Xustiza poderá interrogar os peritos e as testemuñas, así como as propias partes. Sen embargo, estas últimas só poderán actuar en xuízo por medio dos seus representantes.

Artigo 33.

Levantarse acta de cada vista; a devandita acta será asinada polo presidente e polo secretario.

Artigo 34.

O presidente fixará a quenda das vistas.

Artigo 35.

As deliberacións do Tribunal de Xustiza serán e permanecerán secretas.

Artigo 36.

As sentencias serán motivadas. Mencionarán os nomes dos xuíces que participaron nas deliberacións.

Artigo 37.

As sentencias serán asinadas polo presidente e o secretario. Serán lidas en sesión pública.

Artigo 38.

O Tribunal de Xustiza decidirá sobre as costas.

Artigo 39.

O presidente do Tribunal de Xustiza poderá mediante un procedemento abreviado ó que, no que sexa necesario, non se aplicarán algunhas das normas contidas neste estatuto e que se regulará no regulamento de procedemento, decidir sobre as pretensións que teñan por obxecto a suspensión prevista no artigo 242 do Tratado CE e no artigo 157 do Tratado CEEA, a concesión de medidas provisionais de conformidade co artigo 243 do Tratado CE ou o artigo 158 do Tratado CEEA, ou a suspensión da execución forzosa consonte o parágrafo cuarto do artigo 256 do Tratado CE ou o parágrafo terceiro do artigo 164 do Tratado CEEA.

En caso de impedimento do presidente, este será substituído por outro xuíz nas condicións que determine o regulamento de procedemento.

A resolución do presidente ou do seu substituto terá só carácter provisional e non prexulgará en modo ningún a decisión do Tribunal de Xustiza en canto ó asunto principal.

Artigo 40.

Os estados membros e as institucións das Comunidades poderán intervir como coadxuvantes nos litixios sometidos ó Tribunal de Xustiza.

O mesmo dereito terá calquera outra persoa que demostre un interese na solución dun litixio sometido ó Tribunal de Xustiza, agás os litixios entre os estados membros, entre institucións das Comunidades, ou entre estados membros, por unha parte, e institucións das Comunidades por outra.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo, os estados parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, distintos dos estados membros, e o órgano de vixilancia da AELC, previsto polo devandito acordo, poderán intervir como coadxuvantes nos litixios sometidos ó Tribunal de Xustiza cando estes se refiran a un dos ámbitos de aplicación do referido acordo.

As pretensións da demanda de intervención non poderán ter outro fin que apoia-las pretensións dunha das partes.

Artigo 41.

Cando a parte demandada, debidamente emprazada se absteña de contestar por escrito a demanda, dictarase respecto dela sentenza en rebeldía. A sentenza poderá ser impugnada no prazo dun mes a partir da data da súa notificación. Agás decisión contraria do Tribunal de Xustiza, a impugnación non suspenderá a execución da sentenza dictada en rebeldía.

Artigo 42.

Os estados membros, as institucións das Comunidades e calquera outra persoa física ou xurídica poderán, nos casos e condicións que determine o regulamento de procedemento, interpoñer tercería contra as sentencias dictadas, sen que fosen citados a comparecer, se tales sentencias lesionan os seus dereitos.

Artigo 43.

En caso de dúbida sobre o sentido e o alcance dunha sentenza, corresponderá ó Tribunal de Xustiza interpreta-la devandita sentenza, por instancia da parte ou da institución das Comunidades que demostre un interese niso.

Artigo 44.

A revisión da sentenza só poderá pedirse ó Tribunal de Xustiza con motivo do descubrimento dun feito que poida ter unha influencia decisiva e que, antes de pronunciarse a sentenza, era descoñecido polo Tribunal de Xustiza e pola parte que solicita a revisión.

O procedemento de revisión esixirá unha sentenza do Tribunal de Xustiza, na que se fará constar expresamente a existencia dun feito novo do que se recoñece que posúe os caracteres que dan lugar á revisión, declarando por iso admisible a demanda.

Non poderá presentarse ningunha demanda de revisión transcorridos dez anos desde a data da sentenza.

Artigo 45.

O regulamento de procedemento establecerá prazos por razón da distancia.

Non caberá opoñer preclusión por expiración dos prazos cando o interesado demostre a existencia de caso fortuíto ou de forza maior.

Artigo 46.

As accións contra as Comunidades en materia de responsabilidade extracontractual prescribirán ós cinco anos de producido o feito que as motivou. A prescrición interromperase ben mediante demanda presentada ante o Tribunal de Xustiza, ben mediante reclamación previa, que o damnificado lle poderá presentar á institución competente das Comunidades. Neste último caso, a demanda deberá presentarse no prazo de dous meses previsto no artigo 230 do Tratado CE e no artigo 146 do Tratado CEEA; cando proceda, serán aplicables as disposicións do parágrafo segundo do artigo 232 do Tratado CE e do parágrafo segundo do artigo 148 do Tratado CEEA, respectivamente.

TÍTULO IV**O Tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas****Artigo 47.**

Os artigos 2 a 8, os artigos 14 e 15, os parágrafos primeiro, segundo, cuarto e quinto do artigo 17 e o artigo 18 aplicaranse ó Tribunal de Primeira Instancia e ós seus membros. O xuramento previsto no artigo 2 prestarase ante o Tribunal de Xustiza, o cal adoptará as decisións consideradas nos artigos 3, 4 e 6 despois de consulta-lo Tribunal de Primeira Instancia.

Serán aplicables mutatis mutandis ó secretario do Tribunal de Primeira Instancia o parágrafo cuarto do artigo 3 e os artigos 10, 11 e 14.

Artigo 48.

O Tribunal de Primeira Instancia estará composto por quince xuíces.

Artigo 49.

Os membros do Tribunal de Primeira Instancia poderán ser chamados a desempeña-las funcións de avogado xeral.

A función do avogado xeral consistirá en presentar publicamente, con toda imparcialidade e independencia, conclusións motivadas sobre determinados asuntos sometidos ó Tribunal de Primeira Instancia, coa finalidade de asistir este Tribunal no cumprimento da súa misión.

Os criterios para a selección de tales asuntos, así como as modalidades de designación dos avogados xerais, fixaranse no regulamento de procedemento do Tribunal de Primeira Instancia.

O membro do Tribunal de Primeira Instancia chamado a desempeña-la función de avogado xeral nun asunto non poderá participar na súa resolución.

Artigo 50.

O Tribunal de Primeira Instancia actuará en salas compostas por tres ou cinco xuíces. Os xuíces elixirán de entre eles os presidentes de sala. Os presidentes das salas de cinco xuíces serán elixidos por tres anos. O seu mandato poderá renovarse unha vez.

A composición das salas e a atribución de asuntos a estas regularase polo regulamento de procedemento. En determinados casos previstos no regulamento de procedemento, o Tribunal de Primeira Instancia poderá actuar en pleno ou como órgano unipersonal.

O regulamento de procedemento poderá dispoñer así mesmo que o Tribunal de Primeira Instancia se constitúa en gran sala nos casos e as condicións que estipule.

Artigo 51.

Malia o disposto na norma enunciada no punto 1 do artigo 225 do Tratado CE e no punto 1 do artigo 140 A do Tratado CEEA, os recursos interpostos polos estados membros, polas institucións das Comunidades e polo Banco Central Europeo serán competencia do Tribunal de Xustiza.

Artigo 52.

O presidente do Tribunal de Xustiza e o presidente do Tribunal de Primeira Instancia fixarán de común acordo as condicións nas que os funcionarios e demais axentes adscritos ó Tribunal de Xustiza prestarán os seus servicios no Tribunal de Primeira Instancia para garanti-lo seu funcionamento. Determinados funcionarios ou outros axentes dependerán do secretario do Tribunal de Primeira Instancia baixo a autoridade do seu presidente.

Artigo 53.

O procedemento ante o Tribunal de Primeira Instancia estará regulado polo título III.

Na medida en que sexa necesario, o procedemento ante o Tribunal de Primeira Instancia será precisado e completado polo seu regulamento de procedemento. O regulamento de procedemento poderá establecer excepcións ó parágrafo cuarto do artigo 40 e ó artigo 41 para ter en conta as características específicas dos contenciosos relativos ó ámbito da propiedade intelectual.

Malia o disposto no parágrafo cuarto do artigo 20, o avogado xeral poderá presenta-las súas conclusións motivadas por escrito.

Artigo 54.

Cando un recurso ou calquera outro acto procesual dirixido ó Tribunal de Primeira Instancia se presente por erro na Secretaría do Tribunal de Xustiza, esta transmitirao inmediatamente á Secretaría do Tribunal de Primeira Instancia; do mesmo xeito, cando un recurso ou calquera acto procesual dirixido ó Tribunal de Xustiza se presente por erro na Secretaría do Tribunal de Primeira Instancia, esta transmitirallo inmediatamente á Secretaría do Tribunal de Xustiza.

Cando o Tribunal de Primeira Instancia considere que non é competente para coñecer dun recurso por ser da competencia do Tribunal de Xustiza, remitirallo ó devandito tribunal. Do mesmo xeito, cando o Tribunal de Xustiza considere que un recurso corresponde á competencia do Tribunal de Primeira Instancia, remitirallo a este último, que en tal caso non poderá declina-la súa competencia.

Cando se sometan ó Tribunal de Xustiza e ó Tribunal de Primeira Instancia asuntos que teñan o mesmo obxecto ou que formulen a mesma cuestión de interpretación ou que cuestionen a validez do mesmo acto, o Tribunal de Primeira Instancia poderá, logo da audiencia das partes, suspender as súas actuacións ata que o Tribunal de Xustiza dicte sentenza. Cando se interpoñan recursos para obter a anulación do mesmo acto, o Tribunal de Primeira Instancia poderá tamén declina-la súa competencia co fin de que o Tribunal de Xustiza poida pronunciarse sobre tales recursos. Nos asuntos ós que se refire este parágrafo, o Tribunal de Xustiza tamén poderá decidir suspenderlo procedemento do que coñeza; en tal caso, o procedemento continuará ante o Tribunal de Primeira Instancia.

Artigo 55.

As resolucións do Tribunal de Primeira Instancia que poñan fin ó proceso, así como as que resolvan parcialmente a cuestión de fondo ou poñan fin a un incidente procesual relativo a unha excepción de incompetencia ou de inadmisibilidade serán notificadas polo secretario do Tribunal de Primeira Instancia a tódalas partes, así como a tódolos estados membros e ás institucións das Comunidades, mesmo aínda que non interviñeran no litixio ante o Tribunal de Primeira Instancia.

Artigo 56.

Contra as resolucións do Tribunal de Primeira Instancia que poñan fin ó proceso, así como contra as que resolvan parcialmente a cuestión de fondo ou poñan fin a un incidente procesual relativo a unha excepción de incompetencia ou de inadmisibilidade, poderá interpoñerse recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza nun prazo de dous meses a partir da notificación da resolución impugnada.

O devandito recurso de casación poderá interpoñelo calquera das partes as pretensións das cales fosen total ou parcialmente desestimadas. Sen embargo, os coadjuvantes que non sexan estados membros ou institucións das Comunidades só poderán interpoñer recurso de casación cando a resolución do Tribunal de Primeira Instancia lles afecte directamente.

Agás nos litixios entre as Comunidades e os seus axentes, o recurso de casación poderán interpoñelo tamén os estados membros e as institucións das Comunidades que non interviñeran no litixio ante o Tribunal de Primeira Instancia. Os devanditos estados membros e institucións estarán nunha posición idéntica á dos estados membros ou institucións que interviñeran en primeira instancia.

Artigo 57.

Calquera persoa da que a demanda de intervención fose desestimada poderá interpoñer un recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza contra a decisión do Tribunal de Primeira Instancia que desestime a súa demanda de intervención, nun prazo de dúas semanas a partir da notificación da resolución desestimatoria.

As partes no procedemento poderán interpoñer un recurso de casación contra calquera resolución do Tribunal de Primeira Instancia adoptada en virtude dos artigos 242, 243 ou do parágrafo cuarto do artigo 256 do Tratado CE ou en virtude dos artigos 157, 158 ou do parágrafo terceiro do artigo 164 do Tratado CEEA, nun prazo de dous meses a partir da notificación da resolución.

O recurso de casación considerado nos parágrafos primeiro e segundo deste artigo resolverase de acordo co procedemento previsto no artigo 39.

Artigo 58.

O recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza limitarase ás cuestións de dereito. Deberá fundarse en motivos derivados da incompetencia do Tribunal de Primeira Instancia, de irregularidades do procedemento ante o mesmo que lesionen os intereses da parte recorrente, así como da violación do dereito comunitario por parte do Tribunal de Primeira Instancia.

A imposición e a contía das costas non constituirán por si mesmas un motivo de interposición do recurso de casación.

Artigo 59.

O procedemento ante o Tribunal de Xustiza nun recurso de casación contra unha resolución do Tribunal de Primeira Instancia constará dunha fase escrita e unha fase oral. O Tribunal de Xustiza, despois de oír-lo avogado xeral e as partes, poderá pronunciarse sen fase oral, nas condicións determinadas polo regulamento de procedemento.

Artigo 60.

O recurso de casación non terá efecto suspensivo, sen prexuízo do disposto nos artigos 242 e 243 do Tratado CE ou nos artigos 157 e 158 do Tratado CEEA.

Malia o disposto no artigo 244 do Tratado CE e no artigo 159 do Tratado CEEA, as resolucións do Tribunal de Primeira Instancia que anulen un regulamento só producirán efecto a partir da expiración do prazo considerado no parágrafo primeiro do artigo 56 deste estatuto ou, se se interpuxese un recurso de casación durante o devandito prazo, a partir da desestimación do recurso, sen prexuízo do dereito que asista a cada parte a formular ante o Tribunal de Xustiza unha demanda, en virtude dos artigos 242 e 243 do Tratado CE ou dos artigos 157 e 158 do Tratado CEEA, coa finalidade de conseguirla suspensión dos efectos do regulamento anulado ou a adopción de calquera outra medida provisional.

Artigo 61.

Cando se estime o recurso de casación, o Tribunal de Xustiza anulará a resolución do Tribunal de Primeira Instancia. En tal caso, o Tribunal de Xustiza poderá ou ben resolver el mesmo definitivamente o litixio, cando o seu estado así o permita, ou ben devolve-lo asunto ó Tribunal de Primeira Instancia para que este último resolva.

En caso de devolución, o Tribunal de Primeira Instancia estará vinculado polas cuestións de dereito dirimidas pola resolución do Tribunal de Xustiza.

Cando se estime un recurso de casación interposto por un estado membro ou unha institución das Comunidades que non interviñera no litixio ante o Tribunal de Primeira Instancia, o Tribunal de Xustiza, se o estima necesario, poderá indicar cáles son os efectos da resolución do Tribunal de Primeira Instancia anulada que deben considerarse como definitivos respecto das partes no litixio.

Artigo 62.

Nos casos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 225 do Tratado CE e nos puntos 2 e 3 do artigo 140 A do Tratado CEEA, o primeiro avogado xeral poderá propoñer ó Tribunal de Xustiza que reexamine a resolución do Tribunal de Primeira Instancia cando considere que existe un risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito comunitario.

A proposta deberá presentarse no prazo dun mes a partir do pronunciamento da resolución do Tribunal de Primeira Instancia. O Tribunal de Xustiza decidirá, no prazo dun mes a partir da proposta que lle presentara o primeiro avogado xeral, se procede ou non reexaminar a resolución.

TÍTULO V

Disposicións derradeiras

Artigo 63.

Os regulamentos de Procedemento do Tribunal de Xustiza e do Tribunal de Primeira Instancia conterán todas as disposicións necesarias para aplicar e, na medida en que for necesario, completa-lo presente estatuto.

Artigo 64.

Ata a adopción das normas relativas ó réxime lingüístico aplicable ó Tribunal de Xustiza e ó Tribunal de Primeira Instancia neste estatuto, seguirán sendo aplicables as disposicións do Regulamento de procedemento do Tribunal de Xustiza e do Regulamento de procedemento do Tribunal de Primeira Instancia relativas ó réxime lingüístico. Toda modificación ou derogación das devanditas disposicións deberase levar a cabo conxuntamente o procedemento establecido para a modificación deste estatuto.

C) Protocolos anexos ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea

Protocolo sobre as consecuencias financeiras da expiración do Tratado CECA e o Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro

As altas partes contratantes,

Desexosas de resolver algunhas cuestións relativas á expiración do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA);

Desexosas, así mesmo, de transferir-la propiedade dos fondos CECA á Comunidade Europea;

Tomando en consideración que é desexable utilizar os devanditos fondos para a investigación nos sectores vinculados á industria do carbón e do aceiro, e a conseguinte necesidade de establecer algunhas regras particulares para o efecto,

Acordaron as disposicións seguintes, que se incorporarán como anexo ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea:

Artigo 1.

1. Tódolos elementos do patrimonio activo e pasivo da CECA a 23 de xullo de 2002 serán transferidos á Comunidade Europea a partir do 24 de xullo de 2002.

2. Sen prexuízo de todo incremento ou diminución que puidese producirse a raíz das operacións de liquidación, o valor neto dos devanditos elementos, tal como figuren no balance da CECA a 23 de xullo de 2002, considerarase como un patrimonio destinado á investigación nos sectores relacionados coa industria do carbón e do aceiro, designado como «CECA en liquidación». Tralo peche da liquidación, o patrimonio denominarase «Activos do Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro».

3. Os ingresos que xere este patrimonio, denominados «Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro», utilizaranse exclusivamente con fins de investigación nos sectores vinculados á industria do carbón e do aceiro á marxe do programa marco de investigación, de conformidade co disposto neste protocolo e nos actos adoptados en virtude deste.

Artigo 2.

O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo da consulta ó Parlamento Europeo, adoptará tódalas disposicións necesarias para a aplicación deste protocolo, incluídos os principios esenciais e os procedementos apropiados de adopción de decisións, en particular de cara á adopción das directrices financeiras plurianuais para a xestión do patrimonio do Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro, así como das directrices técnicas para o programa de investigación do devandito Fondo.

Artigo 3.

Agás disposición en contrario deste protocolo e dos actos adoptados en virtude deste, serán de aplicación as disposicións do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Artigo 4.

Este protocolo aplicarase a partir do 24 de xullo de 2002.

Protocolo sobre o artigo 67 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea

As altas partes contratantes,

Acordaron a disposición seguinte, que se incorporará como anexo ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea:

Artigo único.

A partir do 1 de maio de 2004, o Consello decidirá por maioría cualificada, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo, para adoptar as medidas mencionadas no artigo 66 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

ACTA DERRADEIRA

A Conferencia dos representantes dos gobernos dos estados membros, convocada en Bruxelas o 14 de febreiro de 2000 para adoptar de común acordo as modi-

ficacións que deberán introducirse no Tratado da Unión Europea, nos tratados constitutivos da Comunidade Europea, da Comunidade Europea da Enerxía Atómica e da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e en determinados actos conexas, adoptou os seguintes textos:

I

O Tratado de Niza polo que se modifican o Tratado da Unión Europea, os tratados constitutivos das Comunidades Europeas e determinados actos conexas.

II

Protocolos

A. Protocolo anexo ó Tratado da Unión Europea e ós tratados constitutivos das Comunidades Europeas:

Protocolo sobre a ampliación da Unión Europea.

B. Protocolo anexo ó Tratado da Unión Europea, ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

Protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza.

C. Protocolos anexos ó Tratado Constitutivo da Comunidade Europea:

Protocolo sobre as consecuencias financeiras da expiración do Tratado CECA e o Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro.

Protocolo sobre o artigo 67 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

A Conferencia adoptou as seguintes declaracións anexas a esta acta derradeira:

1. Declaración relativa á Política Europea de Seguridade e de Defensa.

2. Declaración relativa ó punto 2 do artigo 31 do Tratado da Unión Europea.

3. Declaración relativa ó artigo 10 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

4. Declaración relativa ó parágrafo terceiro do artigo 21 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

5. Declaración relativa ó artigo 67 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

6. Declaración relativa ó artigo 100 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

7. Declaración relativa ó artigo 111 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

8. Declaración relativa ó artigo 137 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

9. Declaración relativa ó artigo 175 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

10. Declaración relativa ó artigo 181 A do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

11. Declaración relativa ó artigo 191 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

12. Declaración relativa ó artigo 225 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

13. Declaración relativa ós puntos 2 e 3 do artigo 225 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

14. Declaración relativa ós puntos 2 e 3 do artigo 225 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

15. Declaración relativa ó punto 3 do artigo 225 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

16. Declaración relativa ó artigo 225 A do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

17. Declaración relativa ó artigo 229 A do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

18. Declaración relativa ó Tribunal de Contas.

19. Declaración relativa ó artigo 10.6 dos estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo.

20. Declaración relativa á ampliación da Unión Europea.

21. Declaración relativa ó limiar da maioría cualificada e ó número de votos da minoría de bloqueo nunha Unión ampliada.

22. Declaración relativa ó lugar de reunión dos Consellos Europeos.

23. Declaración relativa ó futuro da Unión.

24. Declaración relativa ó artigo 2 do protocolo sobre as consecuencias financeiras da expiración do Tratado CEEA e o Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro.

A Conferencia tomou nota das seguintes declaracións anexas á presente acta derradeira:

1. Declaración de Luxemburgo.

2. Declaración de Grecia, España e Portugal relativa ó artigo 161 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

3. Declaración de Dinamarca, Alemaña, os Países Baixos e Austria relativa ó artigo 161 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Feito en Niza, o vinteseis de febreiro de dous mil un.

DECLARACIÓNS ADOPTADAS POLA CONFERENCIA

1. *Declaración relativa á Política Europea de Seguridade e Defensa*

De acordo cos textos aprobados polo Consello Europeo de Niza en relación coa Política Europea de Seguridade e de Defensa (informe da Presidencia e os seus anexos), o obxectivo da Unión Europea é a súa rápida operatividade. O Consello Europeo deberá adoptar unha decisión ó respecto o antes posible no transcurso de 2001, e como moito no Consello Europeo de Laeken/Bruxelas, baseándose nas disposicións vixentes do Tratado da Unión Europea. Por conseguinte, a entrada en vigor do Tratado de Niza non constituirá un requisito previo.

2. *Declaración relativa ó punto 2 do artigo 31 do Tratado da Unión Europea*

A Conferencia recorda que:

a decisión de crear unha unidade composta por fiscais, xuíces ou funcionarios de policía con competencias equivalentes, asignados por cada estado membro (Eurojust), coa misión de contribuír a unha axeitada coordinación entre as autoridades nacionais encargadas da persecución do delito e colaborar nas investigacións relativas á delincuencia organizada, estaba prevista nas conclusións da Presidencia do Consello Europeo de Tampere do 15 e 16 de outubro de 1999;

a Rede Xudicial Europea creouse en virtude da acción común 98/428/JAI adoptada o 29 de xuño de 1998 polo Consello (DO L 191 de 7.7 1998, p. 4).

3. *Declaración relativa ó artigo 10 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia recorda que o deber de cooperación leal que se deriva do artigo 10 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e que rexe as relacións entre os estados membros e as institucións comunitarias, rexe tamén as relacións entre as propias institucións comunitarias. Polo que respecta ás relacións entre as institucións, cando no marco do devandito deber de coo-

peración leal sexa necesario facilita-la aplicación das disposicións do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión poderán celebrar acordos interinstitucionais. Estes acordos non poderán modificar nin completa-las disposicións do Tratado e só poderán celebrarse co consentimento desas tres institucións.

4. *Declaración relativa ó parágrafo terceiro do artigo 21 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia invita as institucións e organismos a que se refiren o parágrafo terceiro do artigo 21 ou o artigo 7, a velar por que a contestación a toda petición escrita dun cidadán da Unión se dirixa a este nun prazo razoable.

5. *Declaración relativa ó artigo 67 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

As altas partes contratantes manifestan o seu acordo en que o Consello, na decisión que deberá tomar en virtude do segundo guión do punto 2 do artigo 67:

decida, a partir do 1 de maio de 2004, de conformidade co procedemento previsto no artigo 251 para adopta-las medidas mencionadas no punto 3 do artigo 62 e na letra b) do punto 3 do artigo 63;

decida, a partir da data en que exista un acordo sobre o ámbito de aplicación das medidas relativas ó cruzamento de persoas polas fronteiras exteriores dos estados membros, de conformidade co procedemento previsto no artigo 251 para adopta-las medidas mencionadas na letra a) do punto 2 do artigo 62.

O Consello esforzarase, ademais, en lograr que o procedemento previsto no artigo 251 sexa aplicable, a partir do 1 de maio de 2004 ou tan pronto como sexa posible despois desta data, ós demais ámbitos cubertos polo título IV ou a algúns deles.

6. *Declaración relativa ó artigo 100 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia recorda que as decisións en materia de axuda financeira consideradas no artigo 100 e que son compatibles co principio de «non corresponsabilidade financeira» estipulado no artigo 103, deberán axustarse ás perspectivas financeiras 2000-2006 e, en particular, ó punto 11 do acordo interinstitucional do 6 de maio de 1999 entre o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión sobre a disciplina orzamentaria e a mellora do procedemento orzamentario, así como ás disposicións correspondentes dos futuros acordos interinstitucionais e perspectivas financeiras.

7. *Declaración relativa ó artigo 111 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia convén en que, no que se refire ás cuestións que teñan particular interese para a Unión Económica e Monetaria, deberase proceder dunha forma que lles permita a tódolos estados membros da zona euro participar plenamente en cada fase da preparación da posición da Comunidade a escala internacional.

8. *Declaración relativa ó artigo 137 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia acorda que todo gasto que se realice en virtude do artigo 137 se imputará á rúbrica 3 das perspectivas financeiras.

9. *Declaración relativa ó artigo 175 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

As altas partes contratantes teñen a firme vontade de velar por que a Unión Europea desempeñe unha función impulsora da protección do medio tanto na Unión coma no plano internacional, para perseguilo mesmo obxectivo a escala mundial. Deberán aproveitarse plenamente tódalas posibilidades que ofrece o Tratado con miras ó logro deste obxectivo, incluído o recurso a incentivos e instrumentos orientados ó mercado e destinados a fomentalo desenvolvemento sustentable.

10. *Declaración relativa ó artigo 181 A do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia confirma que, sen prexuízo das demais disposicións do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, as axudas á balanza de pagamentos de países terceiros non entran no ámbito de aplicación do artigo 181 A.

11. *Declaración relativa ó artigo 191 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia recorda que as disposicións do artigo 191 non supoñen ningún tipo de transferencia de competencias á Comunidade Europea e non afectan á aplicación das normas constitucionais nacionais pertinentes.

O financiamento dos partidos políticos a escala europea con cargo ó orzamento das Comunidades Europeas non poderá utilizarse para financiar directa ou indirectamente os partidos políticos a escala nacional.

As disposicións relativas ó financiamento dos partidos políticos aplicaranse, sobre unha mesma base, a tódalas forzas políticas representadas no Parlamento Europeo.

12. *Declaración relativa ó artigo 225 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia invita o Tribunal de Xustiza e a Comisión a efectuar canto antes un estudio global da repartición de competencias entre o Tribunal de Xustiza e o Tribunal de Primeira Instancia, en particular en materia de recursos directos, e a presentar propostas axeitadas, co obxecto de que as instancias competentes poidan examinalas en canto entre en vigor o Tratado de Niza.

13. *Declaración relativa ós puntos 2 e 3 do artigo 225 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia estima que as disposicións esenciais do procedemento de reexame previsto nos puntos 2 e 3 do artigo 225 deberían figurar no Estatuto do Tribunal de Xustiza. As devanditas disposicións deberían precisar en particular:

o papel das partes no procedemento ante o Tribunal de Xustiza, para garanti-la salvagarda dos seus dereitos;

o efecto do procedemento de reexame sobre o carácter executivo da resolución do Tribunal de Primeira Instancia;

o efecto da resolución do Tribunal de Xustiza sobre o litixio entre as partes.

14. *Declaración relativa ós puntos 2 e 3 do artigo 225 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia estima que o Consello, cando adopte as disposicións do estatuto necesarias para a aplicación

dos puntos 2 e 3 do artigo 225, debería establecer un procedemento que garanta que o funcionamento concreto das devanditas disposicións será obxecto dunha avaliación como moito tres anos despois da entrada en vigor do Tratado de Niza.

15. *Declaración relativa ó punto 3 do artigo 225 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia considera que, nos casos excepcionais en que decidise reexaminar unha resolución do Tribunal de Primeira Instancia en materia prexudicial, o Tribunal de Xustiza debería pronunciarse mediante un procedemento de urxencia.

16. *Declaración relativa ó artigo 225 A do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia solicítalles ó Tribunal de Xustiza e á Comisión que preparen, canto antes, un proxecto de decisión pola que se cree unha sala xurisdiccional competente para resolver en primeira instancia sobre os litixios entre a Comunidade e os seus axentes.

17. *Declaración relativa ó artigo 229 A do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

A Conferencia estima que o artigo 229 A non prexulga a opción que se tome sobre o marco xurisdiccional que poida establecerse para trata-los litixios relativos á aplicación dos actos adoptados sobre a base do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea polos que se crean títulos comunitarios de propiedade industrial.

18. *Declaración relativa ó Tribunal de Contas*

A Conferencia invita o Tribunal de Contas e os órganos fiscalizadores nacionais a que melloren o marco e as condicións da súa cooperación, aínda que mantendo a súa autonomía respectiva. Para tal fin, o presidente do Tribunal de Contas poderá crear un comité de contacto cos presidentes dos órganos fiscalizadores nacionais.

19. *Declaración relativa ó artigo 10.6 dos estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo*

A Conferencia confía en que se presentará canto antes unha recomendación no sentido do artigo 10.6 dos estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo.

20. *Declaración relativa á ampliación da Unión Europea (1)*

A posición común que adopten os estados membros nas conferencias de adhesión no que se refire á repartición de escaños do Parlamento Europeo, a ponderación dos votos no Consello, a composición do Comité Económico e Social e a composición do Comité das Rexións axustarase ós seguintes cadros para unha Unión de 27 estados membros.

(1) Nos cadros incluídos nesta declaración tivéronse en conta tan só os estados candidatos cos que comezaron efectivamente as negociacións de adhesión.

1. Parlamento Europeo.

Estados membros	Escanos no PE
Alemaña	99
Reino Unido	72
Francia	72
Italia	72
España	50
Polonia	50
Romanía	33
Países Baixos	25
Grecia	22
República Checa	20
Bélxica	22
Hungría	20
Portugal	22
Suecia	18
Bulgaria	17
Austria	17
Eslovaquia	13
Dinamarca	13
Finlandia	13
Irlanda	12
Lituania	12
Letonia	8
Eslovenia	7
Estonia	6
Chipre	6
Luxemburgo	6
Malta	5
Totais	732

2. Ponderación dos votos no Consello.

Membros do Consello	Votos ponderados
Alemaña	29
Reino Unido	29
Francia	29
Italia	29
España	27
Polonia	27
Romanía	14
Países Baixos	13
Grecia	12
República Checa	12
Bélxica	12
Hungría	12
Portugal	12
Suecia	10
Bulgaria	10
Austria	10
Eslovaquia	7
Dinamarca	7
Finlandia	7
Irlanda	7
Lituania	7
Letonia	4
Eslovenia	4
Estonia	4
Chipre	4
Luxemburgo	4
Malta	3
Totais	345

Para a súa adopción, os acordos do Consello requirirán polo menos 258 votos que representen a votación favorable da maioría dos membros, cando en virtude deste Tratado deban ser adoptados por proposta da Comisión.

Nos demais casos, requirirán polo menos 258 votos que representen a votación favorable de dous tercios dos membros como mínimo.

Cando o Consello adopte unha decisión por maioría cualificada, calquera membro do Consello poderá solicitar que se comprobe que os Estados membros que constitúen a maioría cualificada representan como mínimo o 62 por 100 da poboación total da Unión. Se se puxer de manifesto que esta condición non se cumpre, a decisión en cuestión non será adoptada.

3. Comité Económico e Social.

Estados membros	Membros
Alemaña	24
Reino Unido	24
Francia	24
Italia	24
España	21
Polonia	21
Romanía	15
Países Baixos	12
Grecia	12
República Checa	12
Bélxica	12
Hungría	12
Portugal	12
Suecia	12
Bulgaria	12
Austria	12
Eslovaquia	9
Dinamarca	9
Finlandia	9
Irlanda	9
Lituania	9
Letonia	7
Eslovenia	7
Estonia	7
Chipre	6
Luxemburgo	6
Malta	5
Totais	344

4. Comité das Rexións.

Estados membros	Membros
Alemaña	24
Reino Unido	24
Francia	24
Italia	24
España	21
Polonia	21
Romanía	15
Países Baixos	12
Grecia	12
República Checa	12
Bélxica	12
Hungría	12
Portugal	12
Suecia	12

Estados membros	Membros
Bulgaria	12
Austria	12
Eslovaquia	9
Dinamarca	9
Finlandia	9
Irlanda	9
Lituania	9
Letonia	7
Eslovenia	7
Estonia	7
Chipre	6
Luxemburgo	6
Malta	5
Totais	344

21. Declaración relativa ó limiar da maioría cualificada e ó número de votos da minoría de bloqueo nunha Unión ampliada

Na medida en que tódolos estados candidatos que figuran na lista incluída na Declaración relativa á ampliación da Unión Europea non se adheriran aínda á Unión cando entren en vigor as novas ponderacións de votos (1 de xaneiro de 2005), o limiar da maioría cualificada evolucionará en función do ritmo das adhesións, a partir dunha porcentaxe inferior á porcentaxe actual ata alcanzar un máximo do 73,4 por cento. Cando se adhiran tódolos estados candidatos anteriormente mencionados, a minoría de bloqueo, nunha Unión de 27, pasará a 91 votos e o limiar da maioría cualificado resultante do cadro que figura na declaración relativa á ampliación da Unión Europea será adaptado en consecuencia automaticamente.

22. Declaración relativa ó lugar de reunión dos Consellos Europeos

A partir de 2002, unha reunión do Consello Europeo por presidencia realizarase en Bruxelas. Cando a Unión conte con dezaoito membros, tódalas reunións do Consello Europeo se realizarán en Bruxelas.

23. Declaración relativa ó futuro da Unión

1. En Niza decidíronse importantes reformas. A Conferencia congratúlase pola culminación con éxito da Conferencia dos Representantes dos Gobernos dos estados membros e insta os estados membros a que ratifiquen rapidamente o Tratado de Niza.

2. A Conferencia convén en que a conclusión da Conferencia dos Representantes dos Gobernos dos estados membros abre paso á ampliación da Unión Europea e subliña que, coa ratificación do Tratado de Niza, a Unión Europea completaría os cambios institucionais necesarios para a adhesión de novos estados membros.

3. Unha vez aberto o camiño á ampliación, a Conferencia apela a un debate máis amplo e profundo sobre o futuro da Unión Europea. En 2001, as presidencias sueca e belga, en colaboración coa Comisión e coa participación do Parlamento Europeo, favorecerán un amplo debate con tódalas partes interesadas: os representantes dos parlamentos nacionais e do conxunto da opinión pública, tales como os círculos políticos, económicos e universitarios, os representantes da sociedade civil, etc. Asociarase a este proceso ós estados candidatos segundo modalidades por definir.

4. Tras un informe que se presentará en Gotemburgo en xuño de 2001, o Consello Europeo aprobará, na súa reunión de Laeken/Bruxelas en decembro de 2001, unha declaración que inclúa iniciativas axeitadas para a continuación deste proceso.

5. Este proceso deberá abordar, en particular, as seguintes cuestións:

a forma de establecer e supervisar unha delimitación máis precisa das competencias entre a Unión Europea e os estados membros, que respecte o principio de subsidiariedade;

o Estatuto da Carta dos dereitos Fundamentais da Unión Europea, proclamada en Niza, de conformidade coas conclusións do Consello Europeo de Colonia;

a simplificación dos tratados co fin de clarificalos e facilita-la súa comprensión, sen cambia-lo seu significado; a función dos parlamentos nacionais na arquitectura europea.

6. A Conferencia, ó seleccionar estes temas de reflexión, reconece a necesidade de mellorar e supervisar permanentemente a lexitimidade democrática e a transparencia da Unión e das súas institucións, co fin de aproximar estas ós cidadáns dos estados membros.

7. A Conferencia acorda que, unha vez rematado este traballo preparatorio, se convoque unha nova Conferencia dos Representantes dos Gobernos dos estados membros en 2004, para trata-las cuestións antes mencionadas con miras a introduci-las correspondentes modificacións nos Tratados.

8. A Conferencia dos Representantes dos Gobernos dos estados membros non constituirá en ningún caso un obstáculo ou unha condición previa ó proceso de ampliación. Por outra banda, invitarase a participar na Conferencia a aqueles estados candidatos que conclúran as negociacións de adhesión coa Unión e invitarase en calidade de observadores a aqueles candidatos que non as conclúran.

24. Declaración relativa ó artigo 2 do protocolo sobre as consecuencias financeiras da expiración do Tratado CECA e o Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro

A Conferencia invita o Consello a que, no marco do artigo 2 do protocolo, vele polo mantemento do sistema estatístico CECA unha vez expire o Tratado CECA e ata o 31 de decembro de 2002, e a que invite á Comisión a que formule as recomendacións axeitadas.

DECLARACIÓN DAS QUE TOMOU NOTA A CONFERENCIA

1. Declaración de Luxemburgo

Sen prexuízo da Decisión do 8 de abril de 1965 e das disposicións e posibilidades que esta contén sobre a sede das institucións, organismos e servizos futuros, o Goberno de Luxemburgo comprométese a non reivindicar-la sede das salas de recurso da Oficina de Harmonización do Mercado Interior (marcas, debuxos e modelos), que seguen instaladas en Alacant, mesmo no caso de que as devanditas salas se convertesen en salas xurisdiccionais na acepción do artigo 220 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

2. Declaración de Grecia, España e Portugal relativa ó artigo 161 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea

O acordo de Grecia, España e Portugal para o paso á adopción de decisións por maioría cualificada no artigo 161 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea

foi dado sobre a base de que o termo «plurianuais», no parágrafo terceiro, significa que as perspectivas financeiras aplicables a partir do 1 de xaneiro de 2007 e o correspondente acordo interinstitucional terán unha duración idéntica á das perspectivas financeiras actuais.

3. *Declaración de Dinamarca, Alemaña, os Países Baixos e Austria relativa ó artigo 161 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea*

No que se refire á Declaración de Grecia, España e Portugal relativa ó artigo 161 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, Dinamarca, Alemaña, os Países Baixos e Austria declaran que a devandita declaración non ten por efecto prexulga-la acción da Comisión Europea, especialmente o seu dereito de iniciativa.

21090 *LEI ORGÁNICA 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición. («BOE» 272, do 13-11-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito de petición encóntrase recoñecido, como dereito fundamental, no artigo 29 da Constitución española. Este precepto remítelle á lei a regulación do modo en que aquel se ten que exercer e os efectos que produce o seu exercicio.

Ata o de agora foi nunha norma preconstitucional, a Lei do 22 de decembro de 1960, onde se encontraba o seu réxime xurídico, aínda que convenientemente adaptado polos pronunciamentos do Tribunal Constitucional.

Parece chegado o momento de proceder á actualización do desenvolvemento normativo do dereito fundamental de petición desde unha perspectiva constitucional.

Probablemente o seu carácter residual respecto a outros instrumentos de relación entre os cidadáns e os poderes públicos, unido a que a Lei de 1960 contén unha regulación eminentemente técnica de carácter administrativo e, xa que logo, neutral, foron razóns abonadas para manter unha norma preconstitucional en materia de dereitos fundamentais.

Agora ben, non debe pensarse que o de petición é un dereito menor. Desde logo, historicamente non o foi. E no momento actual entronca de maneira adecuada coas tendencias maioritarias que proclaman unha maior participación dos cidadáns, e dos grupos en que se integran, na cousa pública, unha maior implicación nas estruturas institucionais sobre as que se asenta o noso Estado social e democrático de dereito.

Ó abordar de nova planta o desenvolvemento legal dun precepto constitucional no que se recoñece un dereito fundamental é ineludible atende-la construción doutrinal que o Tribunal Constitucional, como intérprete supremo da nosa Carta Magna, estableceu. En consecuencia, esta lei axústase ós pronunciamentos do Alto Tribunal contidos en diversas sentencias e autos, con especial atención á sentenza do 14 de xullo de 1993.

A delimitación do ámbito subxectivo de titulares do dereito de petición realízase extensivamente, entendendo que lle atinxe a calquera persoa natural ou xurídica prescindindo da súa nacionalidade, como canle de expresión en defensa dos intereses lexítimos e como participación cidadá na tarefas públicas, podendo exercerse tanto individual como colectivamente. Tan só se establece a limitación que para os membros das Forzas ou Institutos armados, ou dos corpos sometidos a disciplina militar, se deriva directamente da Constitución, e determina que aqueles só poden exercer-lo dereito individualmente e consonte o disposto na súa lexislación específica.

Como é tradicional nos nosos precedentes legais, así como no dereito comparado, introdúcese a previsión de que do exercicio do dereito non pode derivarse ningún prexuízo para o peticionario, agás cando incorra, con ocasión do seu exercicio, en delito ou falta.

O destinatario da petición pode ser calquera poder público ou autoridade, incluíndo os diferentes poderes e órganos constitucionais, así como tódalas administracións públicas existentes. O ámbito de competencia de cada un dos posibles destinatarios determinará a súa capacidade para atende-las peticións que se lles dirixan.

As peticións poden incorporar unha suxestión, unha iniciativa, unha información, expresar queixas ou súplikas. O seu obxecto, por tanto, caracterízase pola súa amplitude e está referido a calquera asunto de interese xeral, colectivo ou particular. Agora ben, o seu carácter supletorio respecto ós procedementos formais específicos de carácter parlamentario, xudicial ou administrativo obriga a delimita-lo seu ámbito ó estrictamente discrecional ou graciable, a todo aquilo que non deba ser obxecto dun procedemento especialmente regulado.

A regulación do exercicio do dereito de petición debe caracterizarse pola súa sinxeleza e antiformalismo. Aínda que se trata dun dereito que se exerce sempre por escrito, permítese a utilización de calquera medio —con especial atención ó impulso dos de carácter electrónico—, sempre que resulte acreditada a declaración de vontade. En calquera caso, o principio antiformalista obriga a establecer-los requisitos mínimos imprescindibles para o seu exercicio; ademais na liña iniciada pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, óptase por un tratamento amplo no uso das linguas cooficiais naquelas comunidades autónomas en que están estatutariamente recoñecidas, así como pola posibilidade de elixir lugares para o seu exercicio ou presentación.

Sen entrar no detalle da súa tramitación, orientada necesariamente á satisfacción do dereito, a lei presta singular atención ás obrigas dos poderes públicos e autoridades destinatarias das peticións. Nos termos establecidos pola doutrina do Tribunal Constitucional regúlase a obriga dos destinatarios públicos das peticións de dar constancia das recibidas e, agás excepcións tipificadas restrictivamente, a obriga de tramitalas e contestalas adecuadamente, o que constitúe desenvolvemento do contido esencial deste dereito.

En todo caso, existe unha vocación definida cara á efectiva satisfacción do dereito que se manifesta tanto na regulación dos problemas de competencia da institución ou autoridade que deben resolvela, como no réxime de protección xurisdiccional do dereito que, como non pode ser doutra forma, tratándose dun dereito fundamental, goza do tratamento que se deriva do artigo 53.2 da Constitución.

Por último e en recoñecemento obrigado á autonomía organizativa e reguladora remítese ó seu réxime especial